

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 28 de xullo de 2023**  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e trinta minutos do día vinte oito de xullo do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Marta Fernández-Tapias Núñez*, *Rafael Domínguez Artime*, *Jorge Cubela López*, *José Carlos López Campos*, *Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*, *María Pilar Ramallo Vázquez* e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *Roberto José Álvarez Carrero*, nin a deputada *María Nava Castro Domínguez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e *María Isabel Couselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32839.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 21 de xullo 2023.

2.32840.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DO ROSAL PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS PARA O INVESTIMENTO “REPARACIÓN DE CAMIÑOS EN COUSELO, A MORRACEIRA E CANAS DANADAS POLAS FORTES CHOIVAS” (Expte. 2023034970)

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.
- Este Plan para reparación dos danos causados polas inundacións está dotado de dous millóns setecentos vinte e mil dezaseis (2.720.016,00) euros, imputable ás aplicacións orzamentarias 2023/942.9428.462.97, para gastos correntes, e 2023/942.9428.762.97, para gastos de investimentos reais.



- Os beneficiarios destas axudas son os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo, nos que se recollen máis de 50 litros por metro cadrado de precipitación durante a xornada do 1 de xaneiro de 2023 (datos obtidos de Meteogalicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023004393 de data 02/06/2023 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións.
- O Plan de reparación dos danos causados polas inundacións pretende facer fronte, precisamente, ás necesidades que experimentan os concellos, que tendo en conta o extraordinario da situación e da insuficiencia orzamentaria faise necesario artellar mecanismos de colaboración e cooperación entre administracións co obxectivo de contribuír á restauración comunitaria, urbanística e medioambiental da zona damnificada e que con iso se recupere a normalidade na prestación dos servizos á cidadanía e se axude a manter a actividade económica das zonas danadas.
- En data 08/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023030755), ao abeiro do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, petición do Concello de O ROSAL, emendada na data 05/06/2023 e 13/07/2023 (núm. rexistro WEB2023036083 e WEB2023043694 respectivamente), na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 139.488,00€, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Reparación de camiños en Couselo, A Morraceira e Canas danados polas fortes choivas*”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións e achega documentación, se ben se constata que se fan precisas as autorizacións sectoriais do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade; da Xefatura territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación de Pontevedra; da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil do “Ministerio para la Transición Ecológica y el reto demográfico”, e que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Asemade o concello posterga a presentación da acta de trazado previo e a aprobación do proxecto ata a resolución das citadas autorizacións.
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de data 23/05/2023.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións , relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.

## RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 23/05/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 22/06/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/07/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Conceder ao *Concello do Rosal*, CIF: P3604800G a cantidade de 139.488,00€ con destino ao financiamento do investimento “*Reparación de camiños en Couselo, A Morraceira e Canas danados polas fortes choivas*”, cun orzamento polo mesmo importe.

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade; da Xefatura territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación de Pontevedra; da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil do “Ministerio para la Transición Ecológica y el reto demográfico”, e a presentación da acta de trazado previo e a aprobación do proxecto, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa presentación da xustificación da axuda económica concedida.

Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9428.762.97 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.

A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de reparación de danos causados polas inundacións, aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno nº 13.32349, do día 3 de marzo de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023, (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



2.- Dar traslado do presente acordo ao *Concello do Rosal*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.32841.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS, “RECONSTRUCCIÓN URXENTE MURO EN CAMIÑO O PIÑEIRO E RESTAURACIÓN DE SENDA PEONIL DO RIO DE BAIÑA” (Expte. 2023033532)

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.
- Este Plan para reparación dos danos causados polas inundacións está dotado de dous millóns setecentos vinte e mil dezaseis (2.720.016,00) euros, imputable ás aplicacións orzamentarias 2023/942.9428.462.97, para gastos correntes, e 2023/942.9428.762.97, para gastos de investimentos reais.
- Os beneficiarios destas axudas son os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo, nos que se recollen máis de 50 litros por metro cadrado de precipitación durante a xornada do 1 de xaneiro de 2023 (datos obtidos de Meteogalicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023004393 de data 02/06/2023 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións.
- O Plan de reparación dos danos causados polas inundacións pretende facer fronte, precisamente, ás necesidades que experimentan os concellos, que tendo en conta o extraordinario da situación e da insuficiencia orzamentaria faise necesario artellar mecanismos de colaboración e cooperación entre administracións co obxectivo de contribuír á restauración comunitaria, urbanística e medioambiental da zona damnificada e que con iso se recupere a normalidade na prestación dos servizos á cidadanía e se axude a manter a actividade económica das zonas danadas.
- En data 03/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023029625), ao abeiro do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, petición do Concello de BAIONA, emendada na data 05/05/2023 (con dous rexistros WEB2023030273 e WEB2023030273), na data 02/06/2023 (con número de rexistro WEB2023035754) e na data 26/07/2023 (con número de rexistro WEB2023015870) na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 69.744,00 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Reconstrucción urgente muro en O Piñeiro e restauración de senda peonil do río Baiña*”, cun orzamento subvencionable de 174.904,23 €, unha achega municipal de 105.160,23€.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, se ben se constata que se fan precisas as autorizacións sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades , de Augas de Galicia e da Axencia Galega de Infraestruturas para actuación “Reconstrución urxente de muro en camiño O Piñeiro”; para a actuación “Restauración de senda peonil do Rio de Baíña”, se fan necesarias as autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas e Augas de Galicia, que malia terse pedido, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Asemade o concello posterga a remisión da acta de trazado previo e a aprobación do proxecto á obtención das autorizacións sectoriais.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de data 15/05/2023.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións , relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

#### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.

#### RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 15/05/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 26/07/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 26/07/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Baiona*, CIF: P3600300B a cantidade de 69.744,00 € con destino ao financiamento do investimento “*Reconstrución urxente muro en O Piñeiro e restauración de senda peonil do río Baiña*”, cun orzamento subvencionable de 174.904,2 €, e unha achega municipal de 105.160,2 €.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de Augas de Galicia e da Axencia Galega de Infraestruturas para actuación “Reconstrución urxente de muro en camiño O Piñeiro”; para a actuación “Restauración de senda peonil do Río de Baíña”, se fan necesarias as autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas e Augas de Galicia, que malia terse pedido, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Asemade o concello posterga a remisión da acta de trazado previo e a aprobación do proxecto á obtención das autorizacións. É consecuencia, xunto a presentación da xustificación haberá de achegarse as preceptivas autorizacións e a acta de trazado previo xunto coa aprobación do proxecto.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9428.762.97 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de reparación de danos causados polas inundacións, aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno nº 13.32349, do día 3 de marzo de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023, (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Baiona*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

4.32842.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NAS MODALIDADES NÁUTICAS DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS FEDERADAS OFICIAIS NO ANO 2023 (Expte. 2022069482)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 03 de marzo de 2023 aprobou as bases reguladoras para a concesión de “*Subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades náuticas de piragüismo, remo e vela que participan en competicións federadas oficiais no ano 2023*”, a cal foi publicada no BOPPO nº 53 de 16 de marzo de 2023, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes pola Intervención de data 21 de xullo de 2023 e co seu informe favorable co CSV: 0CS42N202LQ7YUAQ sobre existencia de consignación por un importe de 500.000,00 € e con cargo a aplicación orzamentaria 23/340.3410.489.22 do vixente orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a concesión a 50 clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades náuticas de piragüismo, remo e vela que participan en competicións federadas oficiais no ano 2023 (programa DE\_C/23) e que figuran nas relación que se achegan cos seguintes CSV:

Piragüismo: 8ZJG093FRAECDGZK

Vela: 8548DXODUAJKIXJD

Remo: 8N7LHYF919W8YD9S





Excluindo deste programa 2 solicitudes polos motivos que se indican e co seguinte CSV:  
1AUK5JB9A2F6WV3Q

- 1 solicitude por non estar ao corrente coa Facenda Autonómica
- 1 solicitude por documentación incompleta

5.32843 CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS, EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PROVINCIA PARA O ANO 2023 (Expte. 2023001814)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 3 de marzo de 2023 aprobou as bases reguladoras para a concesión de “*Subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023*”, a cal foi publicada no BOPPO nº 29 de 10 de febreiro de 2023, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes pola Intervención de data 21 de xullo de 2023 e co seu informe favorable co CSV: XREJTUKIS4OJYU1Z sobre existencia de consignación por un importe de 300.000,00€ e con cargo a aplicación orzamentaria 23/340.3410.489.04 do vixente orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a concesión a 163 entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 (programa DE\_E/23) e que figuran nas relacións que se achegan cos seguintes CSV:

Liña 1: XGBGA5WLPOHVGQ8T

Liña 2: XCFGSM7KAKBWUCC

Excluindo deste programa 18 solicitudes polos motivos que se indican e co seguinte CSV:  
XL7SDILRLR9RQKWC

- 8 solicitudes por non encaixar nas bases por ter un orzamento inferior a 3.000,00 €
- 7 solicitudes por renunciar a continuación da tramitación da subvención
- 1 solicitude por ter domicilio fiscal fora da provincia de Pontevedra
- 1 solicitude por non encaixar en bases o proxecto
- 1 solicitude por documentación incompleta

6.32844.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 0405 XESTEIRA-ALMOFREI, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+530 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE)”.  
(Expte.2022059984)

1. O 13 de febreiro de 2023 a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Cerdedo-Cotobade* formalizaron un convenio establecendo as bases de colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de ensanche e mellora da seguridade viaria na EP-0405 Xesteira-Almofrei dende o p.q. 0+000 ata o p.q. 1+530, con vixencia ata o 31 de decembro de 2024.



Conforme a dito convenio as obras fináncianse do seguinte modo:

Organismo	Achega	%	Aplicación
Deputación de Pontevedra	662.619,31 €	70	23/456.4530.612.02
Concello de Cerdedo-Cotobade	283.979,70 €	30	Fondos propios
Total	946.599,01 €	100	

As expropiacións necesarias para a realización das obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Cerdedo-Cotobade como se relaciona na táboa seguinte:

Organismo	Achega	%
Concello de Cerdedo-Cotobade	2.047,65 €	100
Total Expropiacións	2.047,65 €	100

2. O 18/04/2023 o Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) notificoulle á Deputación de Pontevedra a Resolución Provisional de concesión dunha subvención por un importe máximo de 693.875,00 € para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). A axuda concedida polo IDAE foi aceptada pola presidenta da Deputación en data 28 de abril de 2023.

3. O 09/06/2023 o Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) notificoulle á Deputación de Pontevedra a Resolución de concesión definitiva dunha subvención por un importe máximo de 693.875,00 €, para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000).

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) .
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).



2ª A addenda ten por obxecto reformular o financiamento previsto no convenio como consecuencia da axuda ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos en de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 da LCSP.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a Primeira Addenda ao Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Cerdedo-Cotobade* para a execución do proxecto “*mellora da seguridade viaria na EP 0405 Xesteira-Almofrei dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+530*”.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

#### INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, en representación da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Jorge Cubela López, alcalde do *Concello de Cerdedo-Cotobade* actuando en representación do Concello, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21. 1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

#### EXPOÑEN

I.- O 13 de febreiro de 2023 a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Cerdedo-Cotobade* asinaron un convenio cuxo obxecto é establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do “*Proxecto de mellora da seguridade viaria na EP 0405 Xesteira-Almofrei dende o p.q. 0+000 ata o p.q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”.

II.- O 18/04/2023 o Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) notificoulle á Deputación de Pontevedra a Resolución Provisional de concesión dunha subvención por un importe máximo de 693.875,00 € para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). A axuda concedida polo IDAE foi aceptada pola presidenta da Deputación en data 28 de abril de 2023

III.- O 09/06/2023 o Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) notificoulle á Deputación de Pontevedra a Resolución definitiva de concesión dunha subvención por un importe máximo de 693.875,00 € para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos en de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000).



IV.-Conforme ao Decálogo de criterios de actuación nas vías provinciais aprobado polo Pleno da Deputación (acordos de 29 de xaneiro de 2016 e 25 de setembro de 2020) as “*as actuación de urbanización de vías provinciais serán cofinanciadas ó 70 % pola Deputación e o 30 % por cada concello.../ Os criterios de cofinanciación poderán ser reformulados no correspondente convenio de colaboración, no caso de que a actuación obteña fondos europeos ou de natureza análoga, mantendo as proporcións, sempre que sexa posible en función das esixencias dos fondos.*”

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e PACTAN:

PRIMEIRO.- Modificar o financiamento previsto no Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Cerdedo-Cotobade* para a execución do proxecto *de mellora da seguridade viaria na EP 0405 Xesteira-Almofrei dende o p.q. 0+000 ata o p.q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*, quedando redactada a cláusula terceira de dito convenio do seguinte xeito:

“Os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02 do Orzamento Provincial na que se xerará crédito polo importe da axuda outorgada polo IDAE.

A achega do *Concello de Cerdedo-Cotobade* será de 77.859,85 € (30% do importe das obras (75.817,20 €) mais o importe resultante das expropiacións (2.047,65 €), finánciase con fondos propios.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio tales como: os gastos de redacción de proxecto, contratos de servizos accesorios para a dirección, control e seguimento da execución das obras, serán financiados pola Deputación Provincial.

Conforme á Resolución do IDAE de concesión definitiva de axuda, notificada á Deputación o 9 de xuño de 2023, e aos criterios de actuación nas vías provinciais aprobados polo Pleno da Deputación, en sesión de 25 de setembro de 2020, a distribución do financiamento é a seguinte:

- Obras:

Organismo	Importe achega	Financiamento	%	TOTAL
Deputación de Pontevedra	176.906,8 €	Aplicación 2023/456.4530.612.02	18,69	176.906,81 €
Concello de Cerdedo-Cotobade	75.817,20 €	Fondos propios	8,01	75.817,20 €
IDAE	693.875,00 €	Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241	73,3	693.875,00 €
TOTAL INVESTIMENTO			100	946.599,01 €



- Expropiacións:

ORGANISMO	IMPORTE ACHEGA	FINANCIAMENTO	%	TOTAL
Concello de Cerdedo-Cotobade	2.047,65 €	Fondos propios	100	2.047,65 €
<b>TOTAL EXPROPIACIÓN</b>	<b>2.047,65 €</b>	<b>Fondos propios</b>	<b>100</b>	<b>2.047,65 €</b>

O importe achegado no seu día polo Concello de Cerdedo-Cotobade procedente de Fondos Propios e non utilizado na financiación deste proxecto debido á subvención do IDAE, 208.162,5 €, reintegraráselle de oficio.

De reaxustarse o importe da axuda concedida polo IDAE, manteranse os coeficientes de financiamento da Deputación de Pontevedra e do Concello de Cerdedo-Cotobade.

Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

SEGUNDO.- As partes comprométense a realizar os axustes orzamentarios necesarios para manter os compromisos económicos establecidos no convenio en relación ao novo financiamento e período de vixencia imputados actualmente ás aplicacións orzamentarias.

Unha vez aprobada a presente Addenda levaranse a cabo as oportunas modificacións de crédito para axustar o novo financiamento do Convenio.

TERCEIRO.- Aínda que a obra se presupón finalizada o 31 de decembro de 2024, os efectos económicos do convenio estenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

CUARTO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado o 13 de febreiro de 2023 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda e a un só efecto no lugar de data sinalados no seu encabezamento.

O presidente da Deputación de Pontevedra  
D. Luis López Diéguez

O alcalde do Concello de Cerdedo-Cotobade  
Jorge Cubela López

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra  
Carlos Cuadrado Romay



Segundo.- Facultar ao presidente para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cerdedo-Cotobade*, á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.

7.32845.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E O CONCELLO DO ROSAL PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-3303, TABAGÓN-GOÍÁN, DENDE O P.Q. 1+795 ATA O P.Q. 3+600, TREITO II (CONCELLO DO ROSAL)”. (Expte. 2022001426)

1. O 12 de xullo de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello do Rosal formalizaron un convenio establecendo as bases de colaboración técnica e económica para a execución das obras de mellora da Mobilidade peonil na EP-3303 Tabagón-Goián, dende o p.q. 1+795 ata o p.q. 3+600, treito II, con vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Conforme a dito convenio as obras fináncianse do seguinte modo:

Organismo	Achega	%	Aplicación
Deputación de Pontevedra	636.697,70 €	80	22/456.4530.612.02.2021
Concello do Rosal	159.174,42 €	20	Plan Concellos 2022
Total	795.872,12 €	100	

2. O 16/05/2023 o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) notificoulle á Deputación de Pontevedra a Resolución de concesión definitiva dunha subvención por un importe máximo de 541.907,75 €, para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000).

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).



2ª A addenda ten por obxecto reformular o financiamento previsto no convenio como consecuencia da axuda ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos en de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a Primeira Addenda ao Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello do Rosal para a execución do proxecto “*de mellora da Mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goión dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello do Rosal)*”.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

#### INTERVENEN

Dunha parte Luis López Diéguez, en representación da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Ánxela Fernández Callís, alcaldesa do Concello do Rosal actuando en representación do Concello, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

#### EXPOÑEN

I.- O 12 de xullo de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello do Rosal asinaron un convenio cuxo obxecto é establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do *Proxecto de mellora da Mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goión dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II*).

II.- O 16/05/2023 o Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) notificoulle á Deputación de Pontevedra a Resolución de concesión dunha subvención por un importe máximo de 541.907,75 € para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000).

III.-Conforme ao Decálogo de criterios de actuación nas vías provinciais aprobado polo Pleno da Deputación (acordos de 29 de xaneiro de 2016 e 25 de setembro de 2020) as “*as sendas peonís e/ ou ciclables serán cofinanciadas ó 80 % pola Deputación e o 20 % por cada concello.../ Os criterios de cofinanciación poderán ser reformulados no correspondente convenio de colaboración, no caso de que a actuación obteña fondos europeos ou de natureza análoga, mantendo as proporcións, sempre que sexa posible en función das esixencias dos fondos.*”



Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e PACTAN:

PRIMEIRO.- Modificar o financiamento previsto no Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello Do Rosal para a execución do proxecto *de mellora da Mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goión dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello do Rosal)*, quedando redactada a cláusula terceira de dito convenio do seguinte xeito:

“Os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados con cargo á aplicación 2023/456.4530.612.02/2022 do Orzamento Provincial na que se xerará crédito polo importe da axuda outorgada polo IDAE.

A achega do Concello do Rosal será de 50.792,87 € e finánciase con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra 2022.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio tales como: os gastos de redacción de proxecto, contratos de servizos accesorios para a dirección, control e seguimento da execución das obras, serán financiados pola Deputación Provincial.

Conforme á Resolución do IDAE de concesión definitiva de axuda, notificada á Deputación o 19 de abril de 2023 e aos criterios de actuación nas vías provincias aprobados polo Pleno da Deputación, en sesión de 25 de setembro de 2020, a distribución do financiamento é a seguinte:

ORGANISMO	IMPORTE ACHEGA	FINANCIAMENTO	%	TOTAL
Deputación de Pontevedra	203.171,50 €	Aplicación 2023/456.4530.612.02/2022	25,53	203.171,50 €
Concello do Rosal	50.792,87 €	Plan Concellos da Deputación de Pontevedra 2022	6,38	50.792,87 €
IDAE	541.907,75 €	Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241	68,09	541.907,75 €
TOTAL INVESTIMENTO			100	795.872,12 €

O importe achegado no seu día polo Concello do Rosal procedente do Plan Concellos 2022/2023 e non utilizado na financiación deste proxecto debido á subvención do IDAE, 108.381,55 €, poderá destinarse a outra finalidade do Concello, mediante subvención nominativa aprobada polo Pleno da Deputación, conforme ás normas do Plan Concellos 2022/2023.





De reaxustarse o importe da axuda concedida polo IDAE, manteranse os coeficientes de financiamento da Deputación de Pontevedra e do Concello do Rosal.

Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

SEGUNDO. As partes comprométense a realizar os axustes orzamentarios necesarios para manter os compromisos económicos establecidos no convenio en relación ao novo financiamento e período de vixencia imputados actualmente ás aplicacións orzamentarias.

Unha vez aprobada a presente Addenda levaranse a cabo as oportunas modificacións de crédito para axustar o novo financiamento do Convenio.

TERCEIRO.- Aínda que a obra se presupón finalizada o 31 de decembro de 2023, os efectos económicos do convenio estenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son de 36 meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

CUARTO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado o 12 de xullo de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda e a un só efecto no lugar de data sinalados no seu encabezamento.

O Presidente da Deputación de Pontevedra  
D.Luis López Diéguez

A Alcaldesa do Concello do Rosal  
D. Ánxela Fernández Callís

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra  
Carlos Cuadrado Romay

Segundo.- Facultar á Presidencia para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello do Rosal*, á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.



8.32846 APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS E DA PROPOSTA DA APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE MOAÑA, AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS OU EXECUCIÓN DE OBRAS. REDE ÁGORA. (Expte. 2021016827)

1. A Xunta de Goberno en sesión de 6 de agosto de 2021 adxudicoulle ao *Concello de Moaña* unha subvención por un importe de 56.302,76€, ao abeiro das Bases reguladoras da convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 37, de 24 de febreiro de 2021.

Subvencionase a realización da actuación "*Humanización da contorna da praza do concello*" proxecto redactado por Gumersindo Ferro Pichel (arquitecto), asinado o 8 de marzo de 2021 e aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o 15 de marzo de 2021.

2. O *Concello de Moaña* aprobou unha modificación do proxecto con posterioridade á concesión da subvención por parte da Deputación e, en consecuencia procédese á revisión da Resolución de Concesión.

3. O *Concello de Moaña*, o día 30 de novembro de 2022 conclúe as obras. Remite á Deputación copia da Acta de Recepción o día 30 de novembro de 2022. Así, os técnicos da Deputación proceden á comprobación formal e material das obras, emitindo o correspondente informe o 10 de abril de 2023.

4. O *Concello de Moaña*, o mesmo día 27 de abril de 2023 completa a remisión da documentación xustificativa da execución das obras.

Consideracións:

1ª. O xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, validou e informou favorablemente as modificacións do proxecto ao respecto do cumprimento das Bases reguladoras da convocatoria das subvencións; informe de 24/10/2022.

O informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos o 24/10/2022 é do seguinte teor:

*O proxecto modificado non supón variación algunha en ningún dos elementos suxeitos a puntuación xa que, a superficie do espazo público gañada para as e os peóns no proxecto modificado é a que se indicada na memoria presentada coa solicitude de subvención.*

*Tal e como se describe no informe municipal, as modificacións que se realizan no proxecto orixinal teñen relación con instalacións e a necesidade sobrevida de manter o acceso rodado ao edificio do concello.*

2ª. O técnico da Rede Ágora realizou a comprobación formal e material das obras; informe do 10 de abril de 2023.

O informe do 10/04/2023 é do seguinte teor:

*Unha vez realizada in-situ a comprobación formal e material constátase que se gañou o espazo peonil proxectado.*

3ª. A xefatura dos servizos administrativos do servizo de Infraestruturas e Vías provinciais procede á revisión da documentación xustificativa:



Documentos relativos á execución dos investimentos (base décimo cuarta):

- a) Comunicación do nomeamento da directora ou director das obras.
- b) Comunicación da data e máis a hora nos que terá lugar a comprobación do replanteo.
- c) Copia da acta da comprobación e replanteo.
- d) Fotografía do cartel de obra que acredita a difusión dada ao financiamento outorgado pola Deputación.
- e) Proxecto modificado<sup>1</sup>.
- f) Documento acreditativo da aprobación do proxecto modificado por parte do órgano competente do Concello.
- g) Aprobación do proxecto modificado (informe) por parte da Deputación, trala verificación de que se seguen cumprindo os criterios que permitiron a concesión da subvención.
- h) Comunicación da data e máis a hora nos que terá lugar, ao remate das obras, o acto de recepción destas.
- i) Copia da acta do acto de recepción.

Documentos relativos á xustificación e aboamento (base décimo quinta):

- a) Primeira certificación, acompañada de:
  - a. Acordo/resolución de aprobación do proxecto.
  - b. Documento técnico (proxecto).
  - c. Autorizacións sectoriais<sup>2</sup>.
  - d. Certificación do acordo/resolución do contrato.
  - e. O contrato.
  - f. Nomeamento da directora ou director de obra.
  - g. A acta de comprobación do replanteo.
  - h. Acordo municipal de aprobación da certificación de obra (ou da factura correspondente).
  - i. Acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante fotografías do cartel de obra.
- b) Segunda certificación:
  - i. Acordo municipal de aprobación da certificación.
- c) Terceira certificación:
  - i. Acordo municipal de aprobación da certificación.
- d) Cuarta certificación:
  - i. Acordo municipal de aprobación da certificación.
- e) Quinta certificación:
  - i. Acordo municipal de aprobación da certificación.
- f) Sexta certificación (última certificación):
  - i. Acordo municipal de aprobación da certificación.
  - ii. Acta de recepción, cumprimentada de acordo co disposto na normativa de contratos.

<sup>1</sup> No caso de que a modificación supoña un incremento do orzamento da obra, este incremento tamén poderá ser financiado con cargo ás baixas de adxudicación recollidas na base terceira. A subvención aplicarase ao importe total certificado da obra, incluídas as súas modificacións, cos límites establecidos na base reguladora terceira. (Base décimo cuarta)

<sup>2</sup> O acordo ou resolución de aprobación do proxecto e as autorizacións acompañarán á primeira certificación ou factura cando a concesión da subvención tivese quedado condicionada á aprobación do proxecto e á obtención de autorizacións sectoriais. (Base décimo quinta)



- iii. Nova acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante fotografías do cartel de obra.
- iv. Certificación da persoa funcionaria competente do conxunto de acudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade.
- v. Calquera outra documentación esixible.

Conclusións:

#### PRIMEIRA

En relación ao proxecto modificado, o derradeiro parágrafo da base reguladora 14 preceptúa:

*“Se durante a execución da obra xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar, de acordo co establecido na normativa de contratos, o modificado do proxecto, que deberá aprobalo o órgano competente do Concello. Os gastos nos que incorra o concello para a redacción do modificado non serán subvencionados. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará o modificado e, de ser o caso, prestará a súa aprobación, co fin de verificar que se seguen cumprindo os criterios que permitiron a concesión da subvención.”*

Así, unha vez examinada a normativa vixente e a documentación remitida polo Concello de Moaña solicitando a aprobación do modificado, constátase que o proxecto construtivo entregado presenta de forma correcta a seguinte documentación:


- *Datos identificativos do Proxecto: “Humanización da contorna do Concello”.*
- *Autores do proxecto modificado e data de redacción: Gumersindo Ferro Pichel (arquitecto). Maio de 2021.*
- *Prazo de execución da obra: 6 meses + 30 días (modificado)*
- *Documentación necesaria nos proxectos de obras segundo o art. 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.*
- *O proxecto redactouse de acordo con:*
  - *Os principios da Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público*
  - *Os criterios establecidos na Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable, editada pola Deputación de Pontevedra*
  - *Os requisitos establecidos no prego de prescricións técnicas especificados no anexo I.*
- *O proxecto cumpre os incrementos mínimos especificados para optar á subvención:*
  - *O incremento mínimo do espazo peonil no ámbito de actuación é maior ao 50% con respecto ao existente na actualidade.*
  - *Os espazos gañados para as e os peóns terán unha superficie mínima de 300 metros cadrados.*

Considérase ademais que o proxecto modificado non supón variación algunha en ningún dos elementos suxeitos a puntuación xa que, tal e como se especifica no novo informe/certificado do técnico municipal, a superficie do espazo público gañada para as e os peóns no proxecto modificado é, cando menos igual, á indicada na memoria presentada coa solicitude de subvención.


Apórtanse a continuación os planos de planta do proxecto inicialmente presentado e o modificado, así como as táboas comparativas das superficies peonís.



### Planta do proxecto presentado inicialmente



### Plano do proxecto modificado



- *Superficies peonís contempladas na solicitude inicial:*

<i>Ambito de actuación:</i>	<i>2.333 m<sup>2</sup></i>
<i>Superficie peonil previa ás actuacións:</i>	<i>743 m<sup>2</sup></i>
<i>Superficie peonil prevista tralas obras:</i>	<i>2.108,58 m<sup>2</sup></i>
<i>Incremento neto de superficie peonil:</i>	<i>1.365,78 m<sup>2</sup></i>
  
- *Superficies do proxecto modificado:*

<i>Ambito de actuación:</i>	<i>2.333 m<sup>2</sup></i>
<i>Superficie peonil previa ás actuacións:</i>	<i>743 m<sup>2</sup></i>
<i>Superficie peonil prevista tralas obras:</i>	<i>2.108,58 m<sup>2</sup></i>
<i>Incremento neto de superficie peonil:</i>	<i>1.365,58 m<sup>2</sup></i>



Tamén en relación co modificado, a base reguladora 14 indica:

*“No caso de que a modificación supoña un incremento do orzamento da obra, este incremento tamén poderá ser financiado con cargo ás baixas de adxudicación recollidas na base terceira. A subvención aplicarase ao importe total certificado da obra, incluídas as súas modificacións, cos límites establecidos na base reguladora terceira.”*

Conforme á base reguladora terceira o Concello poderá obter unha subvención máxima do 20 % do orzamento base de licitación das obras, ata un importe máximo de 56.302,76€.

## SEGUNDA

No relativo á comprobación formal e material do investimento, esta foi comprobada e informada polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra respecto do proxecto modificado.

Asímesmo, os servizos técnicos provinciais realizan a verificación das certificacións de obra, facturas e calquera outro documento acreditativo do gasto, así como o resto da documentación xustificativa.

Considérase que queda así xustificada a execución do investimento.

## TERCEIRA

Respecto da restante documentación xustificativa, durante o proceso de revisión constátase que:

- Existen erros nas cifras da PEM motivada pola tramitación do modificado.
- Estes erros na contía total económica a certificar foron xustificados no informe do técnico municipal Gumersindo Ferro Pichel o día 17 de abril de 2023 (csv: AHCB9JTB5TGIWGH1).
- As aclaracións realizadas polo arquitecto municipal de Moaña permiten aseverar que o investimento executado (e xustificado) ascende a 252.909,32 €.
- Correspóndelle ao *Concello de Moaña* o cobro da contía de 50.581,86 € o que ascende ao 20 % do importe total, resultando inferior á inicialmente considerada.

Por todo o anteriormente exposto, e:

- Visto que o *Concello de Moaña* presentou, en prazo e forma, a documentación para a xustificación da subvención concedida para a *Redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora.*, conforme á base décimo quinta.
- Visto que se comprobou formalmente, a conformidade da xustificación presentada, co alcance esixido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Vistos os antecedentes e as consideracións expostas, e previo trámite da intervención.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar as modificacións do proxecto, conforme o informe de validación transcrito na consideración primeira.
2. Continuar a tramitación do expediente para o recoñecemento da obriga e o ordenamento do pago polo órgano competente, de acordo co exposto nas consideracións segunda e terceira.
3. A contía a abonar ao *Concello de Moaña*, por un total de 50.581,86 €.



9.32847.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO “SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE CUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte. 2023028070).

Coa aprobación da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, estableceuse a obriga da ou do empresario de levar a cabo a vixilancia da saúde específica do persoal ao seu servizo, e así no seu artigo 22, no que fai referencia a esta di “*O empresario garantiralle aos traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo...*”. Este feito trae como consecuencia a obriga de realizar a vixilancia da saúde cos recoñecementos específicos para o desempeño dos postos de traballo.

Segundo o artigo 14.a) do Real decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, a Deputación provincial de Pontevedra opta por constituír un Servizo de Prevención propio para a organización de recursos e actividades preventivas, pero ao non dispoñer de medios para desenvolver adecuadamente a prestación da vixilancia da saúde, faise necesaria contratala a unha empresa allea.

En base ao exposto con data 19/04/2023 polo Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral formulou providencia de inicio mediante a que se solicita a contratación do servizo de vixilancia da saúde cun servizo de prevención alleo para a Deputación de Pontevedra.

Vistos o informes emitidos pola secretaría xeral de data 26/06/2023 e pola intervención de data 07/07/2023 respectivamente polos que se informa favorablemente o expediente.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Presidente para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de vixilancia da saúde cun servizo de prevención alleo para a Deputación de Pontevedra.

2.-Autorizar o gasto de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/929.9200.22703	62.300,00 €
2025	25/929.9200.22703	62.300,00 €
<b>Total</b>		<b>124.600,00 €</b>

Ao tratarse dunha contratación anticipada quedará condicionada a aprobación dos respectivos orzamentos de 2024 e 2025 e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.



O financiamento podería sufrir variacións en función do momento en que se formalice o contrato.

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación (CSV) IR6TLRCYPCZK2BQ3 e o prego de prescricións técnicas co código seguro de verificación (CSV) HRHTBYXEPCVBGLF3.

4.- Nomear responsable do contrato a xefa do servizo de Prevención de Riscos Laborais M<sup>a</sup> Carmen Crespo Blanco.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

10.32848.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II CORRESPONDENTES CO EXPEDIENTE PR-D5000-001085 DENTRO DO PROGRAMA DUS 5000 NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. (Expte. 2023030782).

Con data 09/05/2023 a Xefa do Servizo de Cooperacións cos Municipios e a Deputada Delegada de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, Arquitectura e Proxectos Europeos ditaron providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación da Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Denominación do lote	Proxectos / actuacións
1	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas I	Proxecto 1.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do concello do Forcarei. Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do concello, Centro de saúde e Albergue do concello de Dozón.





2	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas II	Proxecto 2.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e piscina municipal do Concello de Caldas de Reis.
3	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas III	Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Colexio público integrado e Pabillón de deportes do Concello de Catoira. Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Piscina e Club Náutico, Casa da Cultura e complexo deportivo do Concello de Ribadumia.

En dita providencia xustifícase a necesidade do contrato no marco competencial da Deputación que, ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Neste marco competencial, a Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia, presentou, ao amparo das convocatorias de Economía Baixa en Carbono para entidades locais do IDAE (Ministerio para a Transición Ecolóxica) o proxecto detallado anteriormente.

Neste proxecto perséguese a mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas dos concellos mencionados co fin de reducir a demanda enerxética e, polo tanto, o seu consumo enerxético e emisións de dióxido de carbono, mediante a substitución dos sistemas de produción de enerxía térmica por sistemas baseados no uso da biomasa, de acordo con o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o RD 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

Para poder realizar dita substitución e os traballos de renovación das instalacións térmicas que vaian asociados é preciso realizar a contratación cunha ou varias empresas externas que contén coa capacidade e os medios suficientes. Xustifícase, desta forma, a incoación dun expediente de contratación tendo en conta ademais que a Deputación de Pontevedra carece dos medios e persoal suficiente coas habilitacións esixidas; o alto volume de traballo existente e pola áxil execución que se require para cumprir cos prazos marcados polo IDAE. A realización dos traballos e o despacho dos mesmos nun tempo adecuado require de varios equipos con persoal formado e experiencia no ámbito de instalacións térmicas baseadas no emprego da biomasa.

Xunto coa providencia de inicio remítense ao servizo de contratación os proxectos de obra que foron redactados polo técnico Cesar Del Río Tapias (NIF 36.061.463-Q), adxudicatario do contrato de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección das obras de “Mellora da eficiencia enerxética instalacións



fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia, sendo ditos proxectos aprobados pola Xunta de Goberno na sesión nº 8.32709 do día 02/06/2023 unha vez informados favorablemente pola intervención.

Nas aplicacións 2023/942.1700.652.15.2021 (1.350,16€) e 23/942.1700.652.15 (146.095,60€) do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, segundo se acredita mediante os correspondentes documentos de retención de crédito que constan no expediente.

Na memoria xustificativa elaborada pola xefatura do servizo de contratación, o contrato califícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración establecendo que para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo esta a de subministración, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas. Asemade infórmase, que de conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

Vistas así mesmo as actas de replanteo previo de data 23 de xuño de 2023 dos 5 proxectos que conforman os 3 lotes (csv: YB9K4O34HMPP80YW).

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, visto o informe da Secretaría Xeral, de data 04/07/2023 polo que se informa favorablemente o expediente. co csv GXEUF8D2QVMH3HQ.

Visto o informe emitido pola Intervención polo que se informa favorablemente o expediente coas seguintes observacións e recomendacións:

*“1.- (\*) Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, nin obriga referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa.*

*2.- Na cláusula 10.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económicoadministrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

*No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/ subcriterio.*



3.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/ 55/ 2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA”

Tendo en conta o artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos mixtos os contratos que conteñan prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase. O réxime xurídico da preparación e adxudicación destes contratos determinarase de conformidade co establecido no referido artigo; e o dos seus efectos, cumprimento e extinción determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2 LCSP. Cando comprendan prestacións propias de dúas ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos atenderase ao carácter da prestación principal para determinar as normas aplicables na adxudicación, sendo neste caso as propias do contrato de subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Tendo en conta o establecido no artigo 119 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), e as especialidades establecidas no art 50 do RD-L 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o expediente gozará de preferencia para o seu despacho, e os prazos establecidos na LCSP, para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade por exceso, coas salvidades sinaladas en ditos artigos, e sen prexuízo do prazo que expresamente se conceda para a presentación de ofertas.

Tendo en conta o artigo 58 do Real Decreto-Lei 36/2020 de 30 de decembro polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que establece que o órgano de contratación non poderá formalizar o contrato ata que teñan transcorrido 10 días naturais a partir do día seguinte a notificación da resolución de adxudicación sendo o prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de dez días naturais e o artigo 2 referente ao ámbito de aplicación do mesmo.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00€, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación , mediante procedemento aberto do contrato mixto de Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Denominación do lote	Proxectos / actuacións
1	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas I	Proxecto 1.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do concello do Forcarei. Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do concello, Centro de saúde e Albergue do concello de Dozón.
2	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas II	Proxecto 2.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e piscina municipal do Concello de Caldas de Reis.
3	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas III	Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Colexio público integrado e Pavillón de deportes do Concello de Catoira. Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Piscina e Club Náutico, Casa da Cultura e complexo deportivo do Concello de Ribadumia.



3.- Autorizar o gasto por importe de 147.445,76 € con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023	942.1700.652.15/2021	1.350,16 €
2023	942.1700.652.15	146.095,60 €

4.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: Y7BNUVIO8WICQ5XP) que rexerá dita contratación e os pregos de prescricións técnicas que se detallan a continuación:

Lote	Denominación do lote	Proxectos / actuacións	Código CSV
1	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas I	Proxecto 1.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do Concello de Forcarei.	OQ6Q0S857Z18HG8E
		Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do Concello, Centro de saúde e albergue do Concello de Dozón	OWRJDGS3AZ6GMYS7
2	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas II	Proxecto 2.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina municipal do Concello de Caldas de Reis.	OKMYN4N75ZX0BZNL
3	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas III	Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Colexio Público Integrado e Pavillón de Deportes do Concello de Catoira	O2BBR4D2CZAORFD0
		Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Piscina e Club Náutico, Casa da Cultura e Complexo Deportivo do Concello de Ribadumia.	O71POQ0KL0Y95435

5.- Nomear responsable do contrato ao Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Eugenio José Marcote Carballo ou persoa na que delegue.



6.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais contados desde o día seguinte a publicación do anuncio de licitación no Perfil do contratante.

11.32849.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN PRIVADA, MEDIANTE CONCURSO PÚBLICO, DO ARRENDAMENTO DUN LOCAL PARA EMPRAZAR A OFICINA PERIFÉRICA DO ORAL EN PONTEAREAS.  
(Expte. 2023010415)

Na actualidade o Oral – Deputación de Pontevedra desenvolve as súas funcións a través dos Servizos Centrais e as Oficinas Periféricas. Con estas últimas son coas que se pretende dar un trato máis próximo ás persoas contribuíntes, co fin de que poidan solicitar información e realizar os trámites oportunos.

Na comarca do Condado – A Paradanta, estas funcións estanse a desenvolver a través da Oficina Periférica do ORAL sita en rúa Concha Brey, número 4 (Ponteareas), coa que se atende aos concellos de Mondariz, Mondariz-Balneario, Pazos de Borbén, Salvaterra de Miño e Ponteareas. O contrato de arrendamento formalizouse en data 31 de outubro de 2014, con efectos dende o 1 de novembro de 2014 e, na actualidade, continúanse prestando servizos na mesma oficina, finalizando a prórroga do vixente contrato de arrendamento o próximo 31 de agosto de 2023.

Dado que é preciso continuar prestando servizos presenciais á cidadanía no Concello de Ponteareas, faise necesario licitar o arrendamento dun local neste Concello que reúna os requisitos necesarios para albergar nas dependencias un total de 6 persoas traballadoras. Ademais faise preciso que se englobe dentro dun marco contractual axeitado, a fin de que todas as posibles persoas licitadoras que cumpran cos requisitos esixidos, poidan presentar a súa oferta en condicións de igualdade, libre concorrència, transparencia e publicidade.

Revisado o inventario de bens da Deputación, con data 16 de febreiro de 2023, o Técnico adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación e Patrimonio informa que non hai constancia de ningún local propiedade da Deputación que cumpra coas características técnicas requiridas polo ORAL para albergar a oficina periférica de Ponteareas.

En base ao exposto, con data 10 de maio de 2023, a Directora de Xestión dos servizos do ORAL, emite Providencia de Inicio na que, co visto e prace da deputada, propón a contratación do arrendamento dun local no municipio de Ponteareas, destinado á ubicación da oficina periférica do ORAL nesa localidade, dado que o contrato de aluguer do local co que conta na actualidade finaliza a súa prórroga o próximo 31 de agosto de 2023.

O contrato proposto ten un prazo de duración de 5 anos, coa posibilidade de 5 prórrogas anuais, e un orzamento base de licitación de 101.640,00 € (1.694,00 €/mes, 21% IVE incluído) Xunto coa providencia, o servizo achega o prego de prescricións técnicas e a solicitude e operación de RC.



Tendo en conta que, con data 04/07/2023 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable ao arrendamento de bens inmoables é o propio dun contrato privado suxeito á lexislación patrimonial, ao tratarse dun negocio xurídico excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. Asemade, informa que o procedemento que debe seguirse para a súa adxudicación é o concurso público, ao ser o procedemento ordinario segundo o artigo 124.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 23/05/2023 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 01/06/2023.

Visto que con data 06/06/2023 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Visto que, con data 15/06/2023, Intervención solicita, con carácter previo á fiscalización do expediente, informe xustificativo emitido polo técnico competente sobre a valoración da prestación económica que se estima como valor de mercado.

Tendo en conta o informe favorable emitido a este respecto polo servizo de arquitectura, con data 29/06/2023.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 30/06/2023 coas seguintes observacións:

*“Outros posibles custes adicionais derivados do contrato, como a experiencia ven demostrando, son :*

- Servizo de traslado do mobiliario e enseres, se procede.*
- Limpeza da oficina: Hai contrato para a prestación deste servizo, que xa se estaba prestando na actual oficina, descoñécese se haberá modificacións.*
- Servizos- conexos: Luz, auga, climatización, sumidoiros, lixo do novo local. Non se regulan. Ao estaren asumindo os mesmo gastos no antigo local, estímense similares.*
- Obras de adecuación do local: Tomas de rede, calefacción, etc, no caso de que sexan precisas.”*

Visto que, con data 15 de maio de 2023 a Intervención emite documento de retención de crédito número 202300098211 polo importe de 6.776,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 932.9320.202.00 do vixente orzamento provincial, para atender ás obrigacións que se deriven deste contrato para o exercicio 2023.

Tendo en conta que, en todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2024, 2025, 2026, 2027 e 2028, quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

Tendo en conta o artigo 9.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo o cal os contratos de arrendamento de inmoables son contratos de natureza privada, suxeitos á lexislación patrimonial, e negocios xurídicos excluídos da citada Lei de contratos do sector público.



Tendo en conta o artigo 124.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, segundo o cal os arrendamentos concertaranse mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida, agás que, de forma xustificada e polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da contratación debida a acontecementos imprevisibles, ou a especial idoneidade do ben, considérese necesario ou conveniente concertalos de modo directo.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para os contratos que, non sendo obras, superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do “*Arrendamento dun local con destino á oficina periférica do ORAL no Concello de Pontearreas*”.

O prazo de duración será de 5 anos, contado dende a posta a disposición do local.

Establecese a posibilidade de 5 prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 101.640,00€.

O valor estimado é de 168.000,00 €.

ORZAMENTO MÁXIMO MENSUAL (Renda)

Importe máximo mensual sen IVE	1.400,00 €
IVE (21%)	294,00 €
Importe máximo mensual total	1.694,00 €

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: XQR95C6L7RT274Q3 e de prescricións técnicas (CSV: 5Y7IMY81MSEMRSP7) que rexerán dita contratación.





3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 101.640,00€, dos cales a cantidade de 6.776,00 €, irá con cargo á aplicación orzamentaria 23/932.9320.202.00 do vixente orzamento provincial.

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2024, 2025, 2026, 2027 e 2028, quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias, que serán, no seu caso, a 932.9320.202.00, así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que comece a execución do contrato coa posta a disposición do local.

4.- Nomear responsable do contrato ó Xefe do Servizo de Coordinación do ORAL, Martín Iglesias Ferreiros.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

12.32850.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚMERO 1 DA OBRA “ACTUACIÓN DE ACONDICIONAMENTO DO VIAL DA ZONA SUROESTE DA CIDADE INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE” POLO PROCEDEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO. (Expte. 2022055654).

Por Resolución Presidencial número 2023000123 de data 11/01/2023, adxudícase á empresa NAROM S.L. (CIF B-36163418) a obra: “Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade infantil Príncipe Felipe”, polo importe IVE engadido de 84.304,12 € e cun prazo de execución de 1 mes.

En data 19/06/2023 a Técnica de Mantemento do Centro Príncipe Felipe, emite informe técnico no que conclúe:

*“Tendo en conta os antecedentes das obras obxecto do contrato, a data límite de finalización dos traballos era o 28.03.2023. Non obstante, infórmase de que as obras danse por rematadas con data 11.05.2023, día no que se executan os traballos de pintado de marcas viais.*

*Neste sentido, indicar que o prazo de execución da obra se viu afectado polos seguintes condicionantes, que supuxeron a demora do prazo de execución:*

*- Imprevistos xurdidos unha vez comezados os traballos: a superficie de firme deteriorado estruturalmente pola afección das raíces das árbores preexistentes era maior que a prevista; e durante as escavacións foron afectados dous tramos de instalacións de abastecemento e un tramo de instalacións eléctricas que houbo que repoñer. Estes imprevistos veñen detallados no informe complementario á certificación final da obra.*

*- Incapacidade temporal da Dirección de Obra, tendo que realizar un novo nomeamento para a súa substitución.*

*- Circunstancias de climatoloxía adversa á hora de realizar as tarefas de pintado finais.*

*O que se informa aos efectos oportunos e no eido das competencias da actual Dirección de Obra”*



Visto o informe de Intervención, relativo á certificación nº 1 da obra: “*Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade infantil Príncipe Felipe*”, por importe de 83.532,19 €, no que recolle a seguinte observación:

“*Vistos os defectos sinalados entre os que se atopan: que o obra non se executou dentro do prazo fixado para a realización da obra, non se impuxeron penalidades, e non prorrogouse nin resolveuse o contrato. Ademais en canto ao aspecto relativo a recepción do investimento, non se realizou cunha antelación mínima de 20 días hábiles á data prevista para a recepción. E dado que as unidades de obras que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito*”.

Considerando que por Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta o Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2023, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

\_Certificación nº 1 da obra “*Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade infantil Príncipe Felipe*”, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA NAROM S.L.	Aplicación orzamentaria	Importe
(B-36163418)	23/232.2312.631.01.2022	83.532,19€
SUBTOTAL		83.532,19€
Taxa Técnicos Directores (4% PEM Adx)	Id.	2.320,50€
Taxa control de calidade (3% PEM Lic)		1.852,05€
Total descontos	Id.	4.172,55€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		79.359,64€

13.32851.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA “ACTUACIÓN DE ACONDICIONAMENTO DO VIAL DA ZONA SUROESTE DA CIDADE INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE” POLO PROCEDEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO. (Expte. 2022055654)

Por Resolución Presidencial número 2023000123 de data 11/01/2023, adxudícase á empresa NAROM S.L. (CIF B-36163418) a obra: “*Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade infantil Príncipe Felipe*”, polo importe IVE engadido de 84.304,12 € e cun prazo de execución de 1 mes.



En data 19/06/2023 a Técnica de Mantemento do Centro Príncipe Felipe, emite informe técnico no que conclúe:

*“Tendo en conta os antecedentes das obras obxecto do contrato, a data límite de finalización dos traballos era o 28/03/2023. Non obstante, infórmase de que as obras danse por rematadas con data 11.05.2023, día no que se executan os traballos de pintado de marcas viais.*

*Neste sentido, indicar que o prazo de execución da obra se viu afectado polos seguintes condicionantes, que supuxeron a demora do prazo de execución:*

*- Imprevistos xurdidos unha vez comezados os traballos: a superficie de firme deteriorado estruturalmente pola afección das raíces das árbores preexistentes era maior que a prevista; e durante as escavacións foron afectados dous tramos de instalacións de abastecemento e un tramo de instalacións eléctricas que houbo que repoñer. Estes imprevistos veñen detallados no informe complementario á certificación final da obra.*

*- Incapacidade temporal da Dirección de Obra, tendo que realizar un novo nomeamento para a súa substitución.*

*- Circunstancias de climatoloxía adversa á hora de realizar as tarefas de pintado finais. O que se informa aos efectos oportunos e no eido das competencias da actual Dirección de Obra”*

A Técnica de Mantemento do Centro Príncipe Felipe, emite informe complementario á certificación final da obra co csv W61O5B3IBAR558BL, no que explica as economías de obra, aumentos de medición e o control de calidade recollidos na certificación final da obra.

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación nº final da obra: *“Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade infantil Príncipe Felipe”*, por importe de 5.874,54 €, no que recolle a seguinte observación:

*“Vistos os defectos sinalados entre os que se atopan: que o obra non se executou dentro do prazo fixado para a realización da obra, non se impuxeron penalidades, e non prorrogouse nin resolveuse o contrato. Ademáis en canto ao aspecto relativo a recepción do investimento, non se realizou cunha antelación mínima de 20 días hábiles á data prevista para a recepción.*

*E dado que as unidades de obras que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito”.*

Considerando que por Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta o Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004,



de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2023, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

\_Certificación nº final da obra “*Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade infantil Príncipe Felipe*”, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA NAROM S.L.	Aplicación orzamentaria	Importe
(B-36163418)	23/232.2312.631.01.2022 é a vinculación 23/232.2312.631.01	5.874,54€
SUBTOTAL		5.874,54€
Taxa Técnicos Directores (4% PEM Adx)	Id.	163,19€
Taxa control de calidade (3% PEM Lic)		130,25€
Total descontos	Id.	293,44€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		5.581,10€

14.32852.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA PEONIL NA E.P. 2106 A RAMALLOSA-PARADA, DENDE O P.Q. 3+200 AO P.Q. 4+195 (CONCELLO DE NIGRÁN)”.  
(Expte. 2023004714)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da E.P. 2106 A Ramallosa- Parada, que transcorre polo *Concello de Nigrán* e que ten unha lonxitude de 4.195 metros. Conecta A Ramallosa con Parada e é de dobre sentido de circulación e de sección variable. No treito comprendido entre o P.Q. 3+200 e o P.Q. 4+195 atópase na súa marxe dereita o cemiterio e na súa marxe esquerda a Igrexa de Santiago de Parada. Debido os diferentes equipamentos públicos que existen no contorno, trátase dunha zona moi concorrida por peóns, e que na actualidade é insegura para os mesmos. A maiores, dita estrada presenta unha elevada IMD o que dificulta a mellora da seguranza na zona.

Resultando.- Que debido ó mal estado do treito entre o P.Q. 3+200 e o P.Q. 4+195, a Deputación de Pontevedra contratou a redacción do proxecto de “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa- Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*” para dotar a zona de prioridade peonil segura.



Resultando.- Que con data 10 de xuño de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Nigrán, convenio de colaboración par a execución da de “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa- Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*” por importe de 973.023,39€.

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de Nigrán* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	681.116,37 €	70
Concello Nigrán	291.907,02 €	30
<b>TOTAL INVESTIMENTO</b>	<b>973.023,39 €</b>	<b>100</b>

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira adscrita á empresa Galaicontrol, Dona Trinidad López Rodríguez, o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*” cun orzamento base de licitación de 973.023,39 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) TYVSZTWYW1J7BFX2.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto de data 25 de abril de 2022 asinado polos enxeñeiros dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, onde se fai constar que as obras a executar compren coa normativa urbanística e coa normativa de avaliación ambiental, advertindo que será necesaria a expropiación de 2.490,20 m2 de terreo de propiedade privada necesario para a correcta execución do proxecto, repartidos nun total de 19 parcelas diferentes.



Resultando.- Que a maiores o proxecto necesita autorización de diferentes organismos, sendo estes:

- Augas de Galicia, con autorización favorable (CSV) 2N804SXTXKY025UK.
- Axencia Galega de Infraestruturas, con autorización favorable (CSV) YLD1INGQMW98FH6I, prorrogada segundo informe que consta no expediente con (CSV) UQRIAZMT1E9NXQJJ
- Servizo de Patrimonio Cultural, con autorización favorable (CSV) DOED0UHQ0XOQGWQ5.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 30 de xullo de 2021 acordou aprobar inicialmente o proxecto de construción da obra “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP 2106 A Ramallosa- Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195. Concello de Nigrán*”, cun orzamento de licitación de 973.023,39 €.

Resultando.- Que publicados os correspondentes anuncios, non se presentaron durante o período de información pública reclamacións fronte ao proxecto aprobado inicialmente nin alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal polo que, conforme ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación Provincial enténdense definitivamente aprobados o proxecto.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 973.023,39 € con número de operación 202300003748, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022, certificando a existencia de crédito para afrontar este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 14/04/2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de abril de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 12/05/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*”.



As empresas admitidas foron as seguintes:

- UTE: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.E NEMESIO ORDOÑEZ, S.A
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, con data 24 de abril de 2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
UTE: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.E NEMESIO ORDOÑEZ, S.A	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	20,00	2,00	22,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	14,00	2,00	16,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	2,00	24,00
HORDESCON, S.L.	14,00	2,00	16,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,00	2,00	18,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	18,00	2,00	20,00



Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 02/06/ 2023 en base ó informe do Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, de data 30 de maio de 2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)”.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliada mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre B				
	Oferta económica	Control calidade	Prazo de garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
UTE: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.E NEMESIO ORDONEZ, S.A	762.979,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	763.059,41 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	782.037,39 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	804.151,57 €	3%	12 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	743.357,70 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	774.558,78 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	771.985,50 €	3%	36 MESES	SI	SI
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	799.728,73 €	3%	36 MESES	SI	SI





Resultando.- Que a continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A., presentou a través da sede electrónica da Deputación, xustificación da súa oferta, dando traslado da mesma ós Servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para que emitiran informe ó efecto.

Resultando.- Que con data 15/06/2023 emitiu informe o xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais en funcións, (CSV) J70EO9PF76R6QE0Y, recollendo que a oferta de CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A., NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 16/06/2023, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Sobre "B"				Puntuación sobre "B"
	Valoración económica	Prazo de garantía	Control calidade	UN-en ISO 9001/14001	
UTE: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.E NEMESIO ORDOÑEZ, S.A	17,65	5,00	5,00	5,00	32,65
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	17,61	5,00	5,00	5,00	32,61
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	10,14	5,00	5,00	5,00	25,14
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	0,00	5,00	5,00	5,00	15,00
HORDESCON	13,12	5,00	5,00	5,00	28,12
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	14,15	5,00	5,00	5,00	29,15
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	2,03	5,00	5,00	5,00	17,03



Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*”, que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación sobre "A"	Puntuación sobre "B"	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	22,00	32,61	54,61
2	UTE: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.E NEMESIO ORDOÑEZ, S.A	19,00	32,65	51,65
3	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	29,15	47,15
4	HORDESCON	16,00	28,12	44,12
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	16,00	25,14	41,14
6	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	23,00	15,00	38,00
7	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	20,00	17,03	37,03

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor 3. Propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán), á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., por un importe de 923.301,89 €

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (CIF B36147429), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm. 2804) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencia, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.



Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (CIF B36147429), para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 38.152,97 € € segundo queda acreditado en carta de pago de data 03/07/2023 e número de operación 202300140458.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: *“...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”*

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U (CIF A82876905) do *“Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”*.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de inicio de expediente, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. para a adxudicación Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra *“Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns, P.Q. 6+000 ao P.Q. 11+500 (Concello de Gondomar)”* por un importe estimado de 6.975,14 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención con (CSV) WAQFJFKSLH6DKHK7 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº2017003642/61, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300048872.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir deste procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A, pois a súa oferta contén valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (CIF B36147429), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*” por un importe de 923.301,89 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....	763.059,41 €
IVE (21%) .....	160.242,48 €
Importe Total.....	923.301,89 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de OITO (8) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra ([sede.depo.es](https://sede.depo.es)), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023004714.

3. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.



4. Adxudicar á empresa *ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. (CIF A82876905)* o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*” (Expte 2023007826), por un importe de 6.975,14 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....5.764,58 €  
IVE (21%).....1.210,56 €  
Importe Total.....6.975,14 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023007826.

15.32853.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “DIXITALIZACIÓN E REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ZONA SURESTE DA PLANTA PRIMEIRA DO PAZO PROVINCIAL”. (Expte. 2021053050)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra pretende adecuar a zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial ás novas necesidades dos servizos, procurando a modernización dixital, para promover a dixitalización dos procedementos administrativo; así como, a mellora da eficiencia enerxética nesa zona mediante a redución do consumo enerxético a través da renovación da envolvente interior, a adecuación da instalación de electricidade e a modernizacións do sistema de iluminación.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación informe da arquitecta do Servizo de Arquitectura da Deputación, coa conformidade da Deputada Delegada desa área, solicitando se inicien os trámites para a contratación da obra “*Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial*”.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo arquitecto David Vázquez García o proxecto básico e de execución da obra “*Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial*”. Este proxecto contén dous documentos, un de dixitalización e outro de intervención cos seguintes códigos: (CSV): SDAWD1LS58C8HCBN e (CSV): QYGJWSTMO6L06LY1.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión do proxecto emitido pola arquitecta Sara Piñón Esteban e a arquitecta técnica Verónica Chaves González, pertencentes ambas ó Servizo de Arquitectura da Deputación.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202300003129, por importe de 575.000,01 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/457.4500.622.03.2021 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 03/02/2023 acordou probar o proxecto de execución da obra “*Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial*”, redactado polo arquitecto David Vázquez García, cun orzamento base de licitación de 575.000,01 € IVE incluído co CSV: 68IVVD6636D7Y6TV.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e informe emitido polo xefe do Servizo de Contratación no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 12/09/2022, así como concesión de licenza urbanística emitida polo Concello de Pontevedra na Xunta de Goberno do citado concello na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/12/2022.

Resultando.- Que consta no expediente, en relación coa aprobación do expediente, informe xurídico favorable.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 03/02/2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial*” cun orzamento base de licitación de 575.000,01 € IVE incluído. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08/02/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 02/03/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial*”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- DESEÑO ENXEÑERÍA E XEXTION DE OBRAS, S.L..

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Arquitectura, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que a Xefa do Servizo de Arquitectura, Dona María del Carmen Gómez Manzano emitiu na data 29/05/2023 o informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Licitadores	Memoria e programa de traballo	Plan de actuacións medioambientais	Puntuación sobre "a"
DESEÑO ENXEÑERÍA E XEXTION DE OBRAS, S.L.	14,00	1,00	15,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 02/06/2023 en base ó informe da xefa do Servizo de Arquitectura de data 29/05/2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre B				
	Oferta Económica	Control Calidade	Prazo de Garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
DESEÑO ENXEÑERÍA E XEXTION DE OBRAS, S.L.	463.326,45 €	3%	36 MESES	NO OBJETO	NO



Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na mesma reunión, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Sobre "B"				Puntuación sobre "B"
	Valoración económica	Prazo de garantía	Control calidade	un-en iso 9001/1400 1	
DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	7,50	5,00	5,00	0,00	17,50

Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou a clasificación das ofertas admitidas neste procedemento , que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación sobre "A"	Puntuación sobre "B"	Puntuación total
1	DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	15,00	17,50	32,50

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial" á empresa DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L., por un importe de 560.625,00 € IVE incluído.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L., (CIF B94129368), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 4994) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 23.166,32 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 20/06/2023 e número de operación 202300124873.





Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. o lote 4 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse en informe que consta no expediente, (CSV) P6PU6CTLYSTFVQAX á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 4 AM seguridade e saúde de obras de Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial, por un importe estimado de 5.157,91 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención con (CSV) VDZWL9U0BCSHXLWT no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/457.4500.622.03, dentro do proxecto de gasto código nº 2021053050, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300025077.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L., (CIF B94129368), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial” por un importe de 560.625,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....	463.326,45 €
IVE (21%) .....	97.298,55 €
Importe Total.....	560.625,00 €



O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de DOUS CENTOS SETENTA (270) DÍAS, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/457.4500.622.03.2021 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra ([sede.depo.es](https://sede.depo.es)), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2021053050.

2. Adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (B36962314) o Contrato derivado Lote 4 AM seguridade e saúde de obras de Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial, por un importe de 5.157,91 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....	4.262,73 €
IVE (21%).....	895,18 €
Importe Total.....	5.157,91 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 23/457.4500.622.03 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra ([sede.depo.es](https://sede.depo.es)), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023005783

16.32854.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE NOVAS LICENCIAS PARA CLIENTES CITRIX DA DEPUTACIÓN E RENOVACIÓN DO PERÍODO DE VIXENCIA DAS ACTUAIS. (Expte. 2023017069)

Por acordo da Xunta de Goberno adoptado na súa sesión ordinaria do día 12 de maio de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “*Subministro de novas licenzas para clientes CITRIX da Deputación de Pontevedra e renovación do período de vixencia das actuais*”.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 12/05/2023. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 16 de xuño de 2023, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas as seguintes:

- Técnicos asociados Informática S.A.U. (TAISA) (A-79054748).

A continuación, a Mesa de Contratación, na mesma sesión, procede á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Os valores ofertados pola empresa admitida constan no certificado da mesa de contratación do día 2/06/2023 co csv QOYGBV27WGCOXKFM

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, detéctase que a empresa TAISA, atópase en baixa temeraria.

En data 9/06/2023 a empresa TAISA, achega a xustificación da baixa temeraria mediante informe co csv 8DLY9K5F4SW2K1BR.

En data 12/06/2023 o xefe de novas tecnoloxías, informa que: “*unha vez realizadas as comprobacións oportunas, se considera suficiente e razoada a xustificación realizada, polo que se informa favorablemente ao considerar xustificadeo o valor do prezo ofrecido pola empresa TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA SAU*”.



As puntuacións totais acadadas segundo constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación co (csv L6VIBJV3M2H6WWYL) son as seguintes:

EMPRESA	TAISA
SOBRE B	
1. Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.	
TOTAL PUNTUACION B <i>(Ata un máx. de 100 puntos)</i>	100 puntos

A continuación a Mesa de Contratación acorda clasificar a oferta presentada pola empresa no procedemento aberto convocado para a contratación, que queda da seguinte forma:

Clasificación		Puntuacións sobre UNICO
1	TECNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA	100

Así mesmo, a Mesa de Contratación acorda proporner ó órgano de contratación a adxudicación do procedemento, aberto convocado para contratación da, á empresa TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA SAU, que alcanzou a puntuación de 100 puntos.

A Mesa de Contratación comproba que á empresa TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector, está debidamente constituída, a asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, non está incurso en ningunha prohibición de contratar e ostenta a solvencia económica e financeira.

A vista do anterior requírese mediante RP núm. 2023005045 de data 20/06/2023, á empresa TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA SAU (A79054748), para que, no prazo de 10 días hábiles a contar desde o envío do requirimento, presenten a documentación, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Dentro do prazo establecido, a empresa Técnicos Asociados Informática SAU (CIF A-79.054.748), presentou a documentación requirida (REX\_WEB2023041059, de data 30/06/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva por importe de 7.844,45€ segundo se acredita mediante carta de pago con número de operación 202300140460.

Á vista do exposto, e tendo en conta a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (en diante, LCSP) que no seu apartado 1, faculta o Ilmo Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato; o artigo 185 do



Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do vixente orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar a empresa Técnicos Asociados Informática SAU (CIF A-79.054.748) o contrato para a contratación do Subministro de novas licenzas para clientes CITRIX, da Deputación de Pontevedra e renovación do período de vixencia das actuais, de acordo co seguinte detalle:

Prezo ofertado do subministro sen IVE (200 licenzas)	39.222,25€
Prezo ofertado das actualizacións sen IVE (3 anos) (370+8+200=578 licenzas)	117.666,75€
Total sen IVE	156.889,00€
21% IVE	32.946,69€
Total ofertado IVE engadido (subministro + actualizacións)	189.835,69€

- O prazo de duración/execución do contrato é de tres anos a contar desde a entrega do subministro, tendo en conta que tanto as licenzas renovadas como as novas subministradas deberán de ter a mesma data de finalización do período de mantemento, polo tanto a data de finalización do período de vixencia para todas as licenzas CITRIX deberá producirse ao cumprirse os tres anos despois de levar a cabo o subministro das novas licencias.
- Tempo e lugar de entrega (subministracións): A recepción de todos os produtos (licencias) realizarase no servizo de Novas Tecnoloxías.  
O prazo do subministro de licenzas será de unha semana.
- O contrato financiarase de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total con IVE
2023	926.926.641.00	48.127,36€
2023	926.9260.227.23	47.236,11€
2024	926.9260.227.23	47.236,11€
2025	926.9260.227.23	47.236,11€
	Total	189.835,69€

Os importes correspondentes ás anualidade de 2024 e de 2025 quedarán condicionados á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

- Lugar de presentación e forma da factura: as facturas de importe superior a 5.000,00 € deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2023017069		
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicatario ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra

17.32855.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 4004 ACCESO Á IGREXA DE GULÁNS, P.Q. 0+000 A 0+490 (PONTEAREAS)” (Expte.2019023437) (Devogarán 2021004296)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de outubro de 2019 (CSV.- YG63ONU5LMLIQFX7), adxudicouse o contrato relativo a “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4004 Acceso á Igrexa de Guláns, P.Q. 0+000 A 0+490 (Ponteareas)*”. (Expte.2019023437).

Para responder da realización deste contrato, a empresa OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36494185), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 12.604,29 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900179240, de data 08/10/2020 mediante aval de Sogarpo.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido pola Intervención, no cal informa que “*En consecuencia, cabe informar que a empresa NAROM, S.L. (CIF: B-36163418), cumpriu satisfactoriamente co obxecto do contrato, polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa Obras, Reformas y Saneamientos, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Mellora de mobilidade peonil na E.P. 4004 Acceso Igrexa de Guláns dende o P.Q.0+000 ó P.Q. 0+490 (Pontearreas)*” (Núm. Expte. 2019023437), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores mediante aval de Sogarpo, por importe de 12.604,29 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 08/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900179240.

**18.32856.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA NAROM S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA INTERSECCIÓN MEDIANTE ROTONDA NA E.P. 9101, P.Q. 5+150 (O GROVE)” (Expte. 2018057915) (Devogarán 2021003953)**

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 26 de xullo de 2019 (CSV.- QP97ZG8JDGCW4X41), adjudicouse o contrato relativo a “*Mellora da intersección mediante rotonda na E.P. 9101, P.Q. 5+150, O Grove-San Vicente Igrexa (O Grove)*” (Expte. 2018057915).

Para responder da realización deste contrato, a empresa NAROM, S.L. (B-36163418), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, por importe de 8.701,94 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900117393, de data 27/06/2019, mediante aval de Bankinter.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Xefe de Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais sinala que: “*Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode procede a liquidación da obra sen variación económica.*”

*En base ao anteriormente exposto procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adjudicación, por importe de 8.701,94 €, segundo consta na carta de pagamento nº 201900117393, de data 27/06/2019.”*

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa NAROM S.L. (B36163418), dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente a devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e*



*transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.*

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do expediente de contratación relativo á “*Mellora da intersección mediante rotonda na E.P. 9101, P.Q. 5+150, O Grove-San Vicente Igrexa (O Grove)*”. (Expte. 2018057915), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de BANKINTER, por un importe de 8.701,94 €, que foi depositada na Tesourería Provincial segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900117393 de data 27/06/2019.

19.32857.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA NAROM S.L. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DA OBRA “REPOSICIÓN DE FIRME NA E.P. 6302 BERREDO-BRANTEGA (AGOLADA)” (Expte.2019047791) (Devogarán 2020021783)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 28 de febreiro de 2020 (CSV.-TIMZMN0D9E7W0RV6), adjudicouse o contrato relativo a “*Reposición de firme na E.P. 6302 Berredo-Brantega (Agolada)*” (Núm. Exp. 2019047791).

Para responder da realización deste contrato, a empresa NAROM, S.L. (B-36163418), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, por importe de 14.262,54 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202000035792, de data 20/02/2020 mediante aval de Targobank, SAU.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido pola Sección de Conservación e Explotación, no cal informa que “*En consecuencia, cabe informar que a empresa NAROM, S.L. (CIF: B-36163418), cumpriu satisfactoriamente co obxecto do contrato, polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa NAROM, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.





A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Reposición de firme na E.P. 6302 Berredo-Brantega (Agolada)*” (Núm. Expte. 2019047791), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores mediante aval de Targobank, SAU, por importe de 14.262,54 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 20/02/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000035792.

**20.32858.-** DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DA OBRA “REPOSICIÓN DE FIRME NA E.P. 6204 PORTELA-ANTAS DE ULLA (RODEIRO)” (Expte. 2019047788) (Devogarán 2020022002).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 28 de febreiro de 2020 (CSV.-RSSSIJ9FHT4OKVDQ), adxudicouse o contrato relativo a “*Reposición de firme na E.P. 6204 Portela-Antas de Ulla (Rodeiro)*” (Expte. 2019047788).

Para responder da realización deste contrato, a empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. (B-15410608), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 7.526,45 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 2020000035909, de data 21/02/2020, mediante aval de Abanca.

*Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Xefe de Servizos Técnicos de Infraestructuras e Vías Provinciais sinala que: “Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode procederse a liquidación da obra sen variación económica.*

*En base ao anteriormente exposto e considerando que está a punto de cumprirse o período de garantía de 36 meses ofertado pola empresa adxudicataria dende a recepción das obras con data 30/07/2020, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación, por importe de Sete mil cincocentos vinte e seis euros con corenta e cinco céntimos (7.526,45 €), segundo consta na carta de pagamento nº 202000035909, de data 21/02/2020.”*

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Reposición de firme na E.P. 6204 Portela-Antas de Ulla (Rodeiro)*” (Expte. 2019047788), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de Abanca, por importe de 7.526,45 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 21/02/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000035909.

21.32859.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA INNOPULSE, SERVICIOS TECNOLÓGICOS, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN DE DATOS PARA A FORMACIÓN E O EMPREGO” (Expte.2018043318) (Devogarán 2020052128)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 07 de marzo de 2019 (CSV.-MHMO8ZJAZQUNS60D), adxudicouse o contrato relativo a “*Prestación do servizo de desenvolvemento e implantación dun sistema integrado de xestión de datos para formación e o emprego*” (Expte. 2018043318).

Para responder da realización deste contrato, a empresa INNOPULSE, ASESORES TECNOLÓGICOS, S.L. (B-84465863), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 3.056,60 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900385218, de data 27/02/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Novas Tecnoloxías, no cal informa que finalizado o prazo de garantía do contrato, pódese proceder a tramitar a devolución da garantía definitiva.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa INNOPULSE, ASESORES TECNOLÓGICOS, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Prestación do servizo de desenvolvemento e implantación dun sistema integrado de xestión de datos para formación e o emprego*”. (Expte. 2018043318), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 3.056,60€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 27/02/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900385218.

22.32860.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CITANIA ARQUEOLOXÍA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SERVIZOS DE AVALIACIÓN ARQUEOLÓXICA E HISTÓRICO-ARTÍSTICA DO CONVENTO DE SANTA CLARA” (Expte. 2022002147) (Devogarán 2023047697).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 13 de maio de 2022 (CSV.- TI72TVAQMDKYROST), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizos de avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara*” (Expte. 2022002147).

Para responder da realización deste contrato, a empresa CITANIA ARQUEOLOXÍA, S.L. (B-36571057), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 11.240,11 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202200091341, de data 06/05/2022.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que “*finalizado o contrato referido e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía esixida (...) procede a devolución da mesma*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa CITANIA ARQUEOLOXÍA, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizos de avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara*”. (Expte. 2022002147), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de 11.240,11 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 06/05/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200091341.

23.32861.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA KULTURA, IDEAS Y ESTRATEGIAS PARA EL PATRIMONIO S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO “SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DE ELEMENTOS DE TURISMO CULTURAL CON FUNCIÓNS INFORMATIVAS, EDUCATIVAS E DIVULGATIVAS DA RUTA TRAZAS DE PONTEVEDRA PARA A POSTA EN VALOR DOS XACEMENTOS GALAICO-ROMANOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA” (Expte. 2020050684) (Devogarán 2023049020)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 26 de novembro de 2021 (CSV.- 9JUG3KXVDAHE39SA), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de desenvolvemento de elementos de turismo cultural con funcións informativas, educativas e divulgativas da ruta trazas de Pontevedra para a posta en valor dos xacementos galaico-romanos da provincia de Pontevedra*” (Expte. 2020050684).

Para responder da realización deste contrato, a empresa KULTURA, IDEAS Y ESTRATEGIAS PARA EL PATRIMONIO S.L. (B-63124523), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 5.699,88 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100215741, de data 18/11/2021, mediante aval de CESCE.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación que di: “*Finalizado o contrato referido, a xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, responsable do contrato, non comunicou ningún vicio ou defecto na realización do servizo ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista, polo que, transcorrido o prazo de garantía, e, en virtude do artigo 111.2, da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, o que procede é a devolución da mesma a fin de evitar futuras reclamacións dos intereses legais correspondentes por parte do adxudicatario no caso de non devólvese sen causa xustificada..*”



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa KULTURA IDEAS Y ESTRATEGIAS PARA EL PATRIMONIO, S.L. (B63124523), dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente a devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do expediente de contratación relativo á "*Servizo de desenvolvemento de elementos de turismo cultural con funcións informativas, educativas e divulgativas da ruta trazas de Pontevedra para a posta en valor dos xacementos galaico-romanos da provincia de Pontevedra*" (Expte. 2020050684), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CESCE, por un importe de 5.699,88 €, que foi depositada na Tesourería Provincial segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100215741 de data 18/11/2021.

24.32862.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9801 PONTE-A LAXES, P.Q. 0+000 AO P.Q. 1+251 (CONCELLO DA ILLA DE AROUSA)”. (Expte.2023000985)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adjudicar á empresa CONSTRUCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A. o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+251 (Concello de Illa de Arousa)*”, por un importe de 265.142,59 € IVE incluído e un prazo de execución de TRES (3) MESES.

Resultando.- Que con data 26/06/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 26/09/2023.

Resultando.- Que con data 14/07/2023 formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre SETENTA E CATRO (74) DIAS para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta que os condicionantes estivais típicos dun lugar como a Illa de Arousa, como a grande afluencia de turistas tanto nos accesos á coma nos accesos ás tendas e establecementos de



restauración existentes, así coma as dificultados dos provedores para entregar os subministros necesarios, procede levar a cabo a paralización total das obras.. Na acta recóllese que a porcentaxe de obra executada é do 0%.

Resultando.- Consta no expediente informe emitido polo xefe de Servizo de Contratación (CSV) G136HTT7XNW1DSHK no que se recolle o seguinte: *“...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que polas características da Illa de Arousa coma destino turístico ó atoparnos en período estival, as obras están a provocar dificultades para que os turistas accedan as zonas de tendas, establecementos de restauración existentes así como as entregas dos suministro necesarios polos provedores correspondentes. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, ata a finalización do período estival. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre SETENTA E CATRO (74) DÍAS para a finalización do prazo de execución.*”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender a execución do contrato de obras *“Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+251 (Concello da Illa de Arousa)”*, con efectos dende o 14/07/2023.

Solventadas as causas que deron lugar á suspensión parcial da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre SETENTA E CATRO (74) DÍAS para finalizar a obra.



25.32863.- SUSPENSIÓN PARCIAL DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTES COS EXPEDIENTES FEDER-EELL-005815 E FEDER -EELL-005816 DO IDAE FINANCIADOS NUN 80 % POLO FEDER A TRAVÉS DO POCS 2014-2020 RELATIVA AO PROXECTO 1.1 DO LOTE 1 E AOS PROXECTOS 2.2 E 2.3 DO LOTE 2 (Expte. 2023008926)

Mediante acordo da Xunta de Goberno número 50.32428 na sesión realizada o día 10 de marzo do presente ano aprobouse o expediente para a contratación dos traballos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER-EELL--2020-005815, FEDER -EELL-2020- 005816 do IDAE financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020, que comprende os seguintes proxectos:

LOTE 1.- ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XII (PROXECTO FEDER -EELL-2020-005815)		
PROXECTO	Orzamento base de licitación (IVE incluído)	CSV
Proxecto 1.1 Renovación de las instalacións de iluminación exterior no Concello de Arbo.	63.441,70 €	TXTENDV41ACRE7WD
Proxecto 1.2 Renovación de las instalacións de iluminación exterior no Concello Pazos de Borbén	179.764,32 €	QALFZIF5XVTGLFTY
Proxecto 1.3 Renovación de las instalacións de iluminación exterior no Concello de O Porriño	178.288,42 €	QH67C6030VXOQWDR
Proxecto 1.4 Renovación de las instalacións de iluminación exterior no Concello de Tomiño.	151.326,29 €	QGRI45JDLV7DV0YX
Proxecto 1.5 Renovación de las instalacións de iluminación exterior no Concello de Tui.	106.231,50 €	1OFGFBR79RQQFRPO
<b>TOTAL</b>	<b>679.052,23 €</b>	

LOTE 2.- ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII FEDER .EELL. 2020-005816		
PROXECTO	Orzamento base de licitación (IVE incluído)	CSV
Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Meaño	92.902,35 €	QWKMQCQPK757Y9U9
Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Meis	82.062,78 €	QW4XIB9Y57FV2CFF
Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello Vilanova de Arousa	139.552,23	QQZUCO5QH71ZSR9G
<b>TOTAL</b>	<b>314.517,36 €</b>	



A Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 28/04/2023 acordou adxudicar á empresa Electricidad INMAC Condado S.L. (CIF B36380384) os lotes 1 e 2 do referido contrato formalizándose os referidos contratos con data 16/05/2023 establecendo nos mesmos un prazo de execución de 2 meses contados desde a sinatura da acta de comprobación de replanteo.

Con data 31 de maio do presente ano se formalizaron as correspondentes actas de comprobación de replanteo de todas as obras sendo polo tanto o prazo de execución do contrato desde o 1 de xuño de 2023 ata o 31 de xullo de 2023.

Con data 14/07/2023 asináronse entre o responsable da empresa Electricidad INMAC Condado S.L. (CIF B36380384) e o director da obra Alberto Isidoro Ochando as correspondentes actas de paralización dos seguintes proxectos:

- Proxecto 1.1 Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Arbo.(Lote 1. Iluminación exterior sostible XII).
- Proxecto 2.2 Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Meis. (Lote 2. Iluminación exterior sostible XIII).
- Proxecto 2.3 Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilanova de Arousa. (Lote 2. Iluminación exterior sostible XIII).

Con data 21/07/2023 o Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación e a Xefa do Servizo de Cooperación emitiron informe en relación coa citada paralización indicando o seguinte:

*“Cuarto.- Que durante os últimos meses as empresas, especialmente os fabricantes que necesitan de compoñentes electrónicos, están sufrindo a carencia dos mesmos e un suministro deficiente.*

*Quinto.- Que durante os meses de xuño e xullo, empresas vinculadas ao sector do metal, tiveron que parar a súa produción pola convocatoria de varias xornadas de folga que se repetiron cada semana.*

*Sexto.-. Que a empresa contratista depende completamente do abastecemento dos fabricantes de luminarias e estes pararon a súa produción en varias ocasións como motivo da folga, tanto dos seus propios traballadores, como pola falta de materias primas dos seus provedores.*

*Oitavo.- A falta de luminarias de diferentes tipos , sobre todo, dos proxectores LED previstos entregar polo fabricante no mes de xullo, constitúe para a empresa instaladora contratada unha causa sobrevida que lle impide a execución material da obra nalgúns casos.*

*Noveno.- Con data 10/07/2023 a empresa instaladora, Electricidad INMAC Condado S.L., presenta por rexistro a comunicación recibida polo fabricante, neste caso SETGA, S.L.U. de que as datas de entrega que estaban previstas sufrirán alteracións.*

*Décimo.-. Ante a falta do subministro dos proxectores LED e a non constatación dunha previsión de entrega polo fabricante, a empresa contratista coa conformidade da dirección de obra presentan por rexistro o día 18 de xullo as actas de suspensión dos proxectos de Arbo, Meis e Vilanova. Nestas actas recóllese que debido a situación de folga, a empresa contratista non conta cos proxectores necesarios na execución dos campos de fútbol e, polo tanto, débese proceder á suspensión da execución con data do 14 de xullo.*





*Undécimo.-. Ante esta situación, na semana actual, mediante resolucións presidenciais apróbanse as modificacións dos prazos dos proxectos Iluminación Exterior Sostible XII e Iluminación Exterior Sostible XIII, e tramítanse co IDAE.*

*Duodécimo.-. A empresa contratista con certas dificultades e retrasos prosigue coa execución nos demais proxectos prevendo que non existirán problemas para a finalización das obras en prazo.*

*Conclusión.-. Por todo o exposto, comunícase ao Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio as actas de suspensión dos seguintes proxectos:*

- *Proxecto 1.1 Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Arbo. (Lote 1. Iluminación exterior sostible XII).*
- *Proxecto 2.2 Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Meis. (Lote 2. Iluminación exterior sostible XIII).*
- *Proxecto 2.3 Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilanova de Arousa. (Lote 2. Iluminación exterior sostible XIII).*

*Dende o Servizo de Cooperación enténdese que a situación de folga é unha causa sobrevida externa e, polo tanto, o motivo da suspensión non é imputable ao contratista e é acorde os feitos acontecidos. A empresa, nestas circunstancias, de forma imprevista, tivo unha alteración grave dos prazos de entrega acordados cos provedores. Segundo o exposto solicítase que se procedan cos trámites de suspensión dos proxectos indicados que durará o mínimo indispensable e finalizará no momento en que a empresa reciba o material necesario.”.*

Considerando que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”

Considerando que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”

Considerando que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu



apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a suspensión da execución do contrato de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER-EELL--2020-005815, FEDER -EELL-2020- 005816 do IDAE financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020, no referente aos seguintes proxectos:

- Proxecto 1.1 Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Arbo.(Lote 1. Iluminación exterior sostible XII).
- Proxecto 2.2 Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Meis. (Lote 2. Iluminación exterior sostible XIII).
- Proxecto 2.3 Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilanova de Arousa. (Lote 2. Iluminación exterior sostible XIII).

O prazo de duración da suspensión comprende dende o día 14/07/2023 ata que se formalice entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, unha vez resoltas as causas que deron lugar a suspensión.

26.32864.- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DUNHA PLATAFORMA QUE PERMITA O DESENVOLVEMENTO DAS PRESTACIÓNS DO SISTEMA DE XESTIÓN AUTOMATIZADA DA VISITA AO CASTELO DE SOUTOMAIOR E AO CASTELO DE SOBROSO. (Expte. 2022058925)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 9 de decembro de 2022, aprobou a contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaior e ao Castelo de Sobroso.

A Xunta de goberno na súa sesión ordinaria de do día 13 de xaneiro de 2023, acorda por unanimidade tomar coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 202300088 de data 10/01/2023, rectificando o prego de cláusulas administrativas particulares e reiniciando o prazo de presentación de proposicións do procedemento aberto para a contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita do Castelo de Soutomaior e ao Castelo de Sobroso.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 10/01/2023 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 10/01/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación en data 16/02/2023, despois da calificación da documentación administrativa presentada nos sobres A, declarou admitidas ás empresas:

- TIQUETEIO SPAIN S.L. (B-66045345)
- MANANTIAL DE IDEAS S.L. (B-26450932)



- SICOMOROS SERVICIOS INTEGRALES S.L. (B-99020547)
- PEREZ ALIAGA ABOGADOS (B-23742349)
- EVELB TECNICAS Y SISTEMAS S.L. (B-70240320)

E non admitidas, ningunha.

A Mesa de Contratación, na mesma data, procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliada mediante criterios que dependen dun xuízo de valor, e acordou remitir dita documentación ao persoal técnico do servizo de Turismo Rías Baixas para a súa valoración.

A xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, con data 23 de xuño do 2023, emitiu o informe de valoración (csv Z3SHWMBABH69XW17), no que di:

*“(...)Analizadas as cinco ofertas obsérvase que a oferta presentada pola empresa TIQUETEO SPAIN SL (CLORLAN) inclúe no sobre B datos que permite intuír os criterios avaliados de xeito automático (sobre C). En atención a que o cumprimento deste requisito implicarán a exclusión do procedemento, proponse a exclusión desta oferta.(...)”*

*A valoración técnica das ofertas presentadas é a seguinte:*

Empresas licitadoras	Sicomoro Servicios Integrales, S.L.	Manantial de Ideas, S.L.	Spain Heritage Tours, S.L.	Evelb Técnicas y Sistemas, S.L.
1. Análise de requisitos e descrición xeral do sistema, ata un máximo de 4 puntos	2,75	1,2	2,3	0,6
2. Análise da solución proposta para a venda de entradas e reserva da visita polas diferentes canles do sistema, ata un máximo de 3 puntos	1	2	2	0
3. Plan de integración coa plataforma CRM propia, ata un máximo de 3 puntos	2	2,5	2	1
4. Análise da solución proposta e canle para organizacións e servizos turísticos, máximo de 5 puntos	2	2	2	0
5. Xestión de accesos e xestión da ocupación de espazos, máximo de 2 puntos.	0,5	1	1	0
6. Xestión de informes e estatísticas, máximo de 2 puntos.	0,5	1	1,5	0
7. Centro de recepción de visitantes (CRV), máximo de 2 puntos.	0,5	0,5	0,5	0
8. Mantemento, soporte e xestión de incidentes, máximo de 2 puntos.	0,5	2	0	0
9. Demostración práctica da solución proposta, máximo de 15 puntos.	6,5	5	5,25	1
Total	16,25	17,20	16,55	2,6



*Finalmente “ tras a valoración técnica global, para a contratación, mediante procedemento aberto, dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao castelo de Soutomaio e ao Castelo de Sobroso, e dado que ningunha das empresas alcanza a puntuación mínima de 25 puntos na valoración do conxunto dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, propónse a mesa de contratación deixar deserto e iniciar novo procedemento.”*

A vista do exposto, a Mesa de Contratación na reunión de data 30/06/2023 acorda: 1.-Excluir a empresa Tiqueteo Spain S.L., por incluír no sobre B *datos que permite intuír os criterios avaliados de xeito automático (sobre C), tal e como se recolle no informe da xefa do servizo de Turismo (csv Z3SHWMBABH69XW17) e no prego de cláusulas económico administrativas, concretamente na cláusula 7 d) “Na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliados de xeito automático (sobre C). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento”, e 2.- Prestar conformidade ao informe de valoración da xefa do servizo Turismo Rías Baixas (csv: Z3SHWMBABH69XW17), e en base ao mesmo, declarar DESERTO o expediente de contratación dado que ningunha das empresas alcanza unha puntuación mínima de 25 puntos na valoración do conxunto dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, tal e como se recolle na cláusula 9.1 do prego de cláusulas administrativas.*

Considerando que por Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta a Ilma Presidenta a actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2023, concretamente na base 17.1 , a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

1.-Excluír a empresa Tiqueteo Spain S.L.; por incluír no sobre B, *datos que permite intuír os criterios avaliados de xeito automático (sobre C), tal e como se recolle no informe da xefa do servizo de Turismo, e no prego de cláusulas económico-administrativas, concretamente na cláusula 7 d)“Na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliados de xeito automático (sobre C). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento.”*

2.-Declarar deserto o procedemento aberto, convocado para a contratación, dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao castelo de Soutomaio e ao Castelo de Sobroso, *xa ningunha das empresas admitidas alcanza a puntuación mínima de 25 puntos na valoración do conxunto dos criterios avaliados mediante xuízos de valor tal e como se recolle na cláusula 9.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, e no informe da xefa do servizo de Turismo (csv Z3SHWMBABH69XW17).*

3.-Publicar o presente acordo no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de contratación do sector público).



27.32865.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR CAÍDA NO CONCELLO DE POIO (Expte. 2022064502)

Dada conta que con data de rexistro 19/10/2022 (núm. rex. 2022024129), recibíuse nesta Deputación Provincial instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial presentada por D<sup>a</sup>. Ángeles Sanmartín Moreno, por lesións padecidas por mor dunha caída, o día 03/03/2021, a consecuencia, segundo manifesta, dun adoquín que se atopaba fóra do seu sitio no paseo entre a Praia de Cabeceira e a Praia de Lourido (E.P. 0602 Portosanto-Lourido-Campelo), no Concello de Poio, e que foi cuantificada economicamente, de forma provisional, en 39.770,28 €, por atoparse na actualidade a tratamento polas lesións sufridas, segundo manifesta a reclamante. Con carácter previo, a reclamación tívose presentado no Concello de Poio.

Resultando.- Que, con data 26/10/2022, requiriuse a D<sup>a</sup>. Ángeles Sanmartín Moreno para que subsanara a instancia indicando o lugar exacto no que acontecera a caída, sinalando algún punto de referencia próximo (número da rúa, quiosco, escola de kitesurf, etc) ou aportando fotografías do entorno que permitiran ubicar o lugar no que se atopaba o desperfecto e ademais, para mellor coñecemento dos feitos, os seguintes documentos:

- O informe do técnico municipal que cita na instancia.
- A Resolución adoptada polo Concello de Poio.
- De ser posible, fotografía do desperfecto.

Resultando.- Que con data 11/11/2022, contesta ó requirimento aportando o informe do enxeñeiro municipal, o Decreto de admisión a trámite da súa solicitude polo Concello de Poio, informe do encargado xeral do citado Concello e unha captura de imaxe de WhatsApp que contén unha fotografía na que se rodea con bolígrafo algo imperceptible, fóra da beirarrúa, sinalado na marxe como “pedra sobresaliente”, sen que a mesma sexa apreciable dada a escuridade da fotografía en branco e negro.

Resultando.- Que o informe do Enxeñeiro Municipal achegado contén o seguinte:

*“(…) Cabe destacar que dito paseo marítimo foi realizado no seu día por Costas, existindo lastras de protección no límite entre o paseo peonil e o vial para o tránsito dos vehículos. Ditas lastras teñen a finalidade de protección do paseo peonil co carril de circulación para os vehículos.*

*As lastras de protección están situadas no bordillo do paseo, as cales se encontran visibles e, xirada visita observouse que o firme do paseo está en boas condicións non detectándose ningunha irregularidade en dito firme.*

*Por outro lado, o paseo marítimo é de titularidade municipal, sendo competencia do Concello o seu mantemento, mentres que o vial denominado Avda. de Lourido é unha estrada de titularidade provincial (E.P. 0602), sendo de competencia da Deputación de Pontevedra.*

*Polo exposto, infórmase que o firme do paseo marítimo se encontra en bo estado, existindo lastras de protección, as cales se encontran visibles, no límite do carril de circulación para os vehículos”.*



Resultando.- Que o informe do Encargado Xeral do Concello de Poio que aporta contén o seguinte:


(...) *Infórmase de que na data da sinatura dixital emítese un informe complementario coas seguintes consideracións:*

a) *Previo á data do anterior informe (26/11/2021), non se ten constancia neste Servizo do incidente que relata a interesada, nin da existencia dunha lastra na beirarrúa que se atopase en mal estado na data na que, presuntamente, ocorreron os feitos.*


b) *Na zona onde, presuntamente, ocorreron os feitos existe unha beirarrúa na marxe esquerda da estrada E.P. 0602 (de titularidade provincial).*

*Trátase dunha plataforma de formigón confinada a ambos lados por lastras de pedra granítica.*

*A anchura da beirarrúa é de 1,70 metros e mantén en todo momento unha zona de paso, totalmente libre de obstáculos, de 1,30 metros.*




Captura de WhatsApp:



Resultando.- Que con data 14/11/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 12/12/2022, co seguinte contido:

*PRIMEIRO.- O paseo entre a Praia de Cabeceira e a de Lourido, no Concello de Poio, está xusto na traza da estrada provincial EP 0602 PORTOSANTO-LOURIDO-CAMPELO (que pertence á rede provincial de estradas).*



*Tramo entre os puntos quilométricos 2+200 e 2+300*

*SEGUNDO.- Desde o 1 de xaneiro de 2020 ata a data de hoxe non existe ningún parte de incidencia por este motivo (ou por outros similares) nesa estrada provincial (achéganse os filtros dos anos 2020 a 2022).*

Partes de incidencias para vías e obras					
Nº de Parte	Revisión	Comenzado	Finalizado	POD	Centro
2021 118	08/01/2021	11:26	01/12/2021	Portosanto - Lourido - Campelo	0,0
<b>Finalizado</b> Incidencia: LIMPIEZA POR ACEITE.					
2021 134	08/01/2021	11:26	01/12/2021	Portosanto - Lourido - Campelo	0,0
<b>Finalizado</b> Incidencia: MANTEN. GRUAS.					
2021 1407	08/01/2021	11:26	01/12/2021	Portosanto - Lourido - Campelo	0,0
<b>Finalizado</b> Incidencia: Limpieza por aceite tras rotura de Carter.					

Partes de incidencias para vías e obras					
Nº de Parte	Revisión	Comenzado	Finalizado	POD	Centro
2021 158	08/01/2021	11:29	01/12/2021	Portosanto - Lourido - Campelo	0,0
<b>Finalizado</b> Incidencia: placas de xiro.					
2021 1407	13/08/2021	11:53	01/12/2021	Portosanto - Lourido - Campelo	0,0
<b>Finalizado</b> Incidencia: LIMPIEZA POR ACEITE TRAS ROTURA DE CARTER.					

Partes de incidencias para vías e obras					
Nº de Parte	Revisión	Comenzado	Finalizado	POD	Centro
2022 103	07/03/2022	09:49	01/12/2022	Portosanto - Lourido - Campelo	0,0
<b>Finalizado</b> Incidencia: ACCIDENTE QUE DETRUECEN A VEA E A BARRERA.					
2022 105	06/03/2022	09:56	01/12/2022	Portosanto - Lourido - Campelo	0,0
<b>Finalizado</b> Incidencia: Estado de estradas de vehículos.					
2022 146	03/05/2022	01:18	01/12/2022	Portosanto - Lourido - Campelo	0,1
<b>Finalizado</b> Incidencia: MANTEN. GRUAS.					
2022 151	02/06/2022	03:23	01/12/2022	Portosanto - Lourido - Campelo	0,0
<b>Finalizado</b> Incidencia: Netas en la calzada por accidente de circulación.					





*TERCEIRO.- Tras realizar visita de inspección no entorno do punto ao que se fai referencia na reclamación subscribimos o informe do enxeñeiro técnico municipal onde se sinala que “o firme do paseo marítimo atopábase en bo estado de conservación, existindo lastras de protección, as cales se atopan visibles, no límite co carril de circulación para os vehículos”.*



*CUARTO.- Non existía constancia de ningún perigo que puidera incidir na seguridade viaria da estrada provincial, polo que non procedía por parte deste servizo a sinalización do mesmo.*

*María Belén Pampín Camino*  
*Enxeñeiro*

---



Resultando.- Que con data 11/05/2023, e en virtude do artigo 82 da Lei 39/2015, abriuse o trámite de audiencia e vista do expediente, conferíndolle un prazo de dez días para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimara pertinentes, o cal tras dous intentos, foi notificado finalmente á interesada na data 12/06/2023, transcorrendo o citado prazo de dez días na data 26/06/2023, sen que se tivera recibido escrito de alegacións por parte da reclamante.

Resultando.- Que con data 10/07/2023, e en virtude do establecido no artigo 12, letra j), da Lei 3/2014, solicitouse ditame ó Consello Consultivo de Galicia, o cal foi emitido na data 19/07/2023, co seguinte contido esencial:

*(...) A propia reclamante, no seu escrito inicial, indicou que polos mesmos feitos presentara unha reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Poio. No seo dese procedemento emitiuse o noso ditame CCG 412/2022, en sentido favorable á desestimación da reclamación. No que aquí interesa, naquel expediente quedou acreditado que a caída se producira nun paseo marítimo cuxo mantemento é competencia municipal (en concreto, na zona de lastras, cuxa función non é propiamente o tránsito de persoas senón a delimitación entre a zona específica de tránsito peonil e a zona de circulación de vehículos).*

*(...) Cabe sentar a mesma conclusión –recollida no noso ditame CCG 412/2022– de que a caída tivo lugar nun paseo marítimo que linda cunha estrada provincial (en concreto, na zona de lastras do dito paseo) e que o mantemento é competencia municipal.*

*(...) En atención ao exposto, no estado probatorio no que o expediente é sometido a ditame deste órgano consultivo, non resulta acreditada a existencia dun nexo causal entre os danos reclamados e o funcionamento dun servizo público provincial, pois a Deputación Provincial de Pontevedra nin é a Administración responsable do mantemento do lugar da caída, nin tampouco viña obrigada, na súa condición de titular da estrada coa que linda o paseo, á sinalización do obstáculo.*

*CONCLUSIÓN: Polo anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros presentes, ditamina:*

*“Que informa favorablemente a proposta de resolución de inadmisión da reclamación á que o presente se refire”.*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na recepción das notificacións pola interesada (constando ausente reparto ata en catro ocasións nos acuses de recibo do servizo de Correos que obran no expediente), ó retardo na emisión do informe do Servizo e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.



Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015; polo que respecta á pasiva, o teor do informe do Enxeñeiro Municipal do Concello de Poio, que recolle que o paseo marítimo é de titularidade municipal, sendo competencia do Concello o seu mantemento, impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no relatado, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que a maiores disto, do expediente despréndese o seguinte, argumentos todos eles que fan descansar a responsabilidade na propia vítima, que posuíndo o control da situación, non foi quen de evitar a caída:

- Transcribe a reclamante na súa instancia: “Según la documentación recibida el pasado 4 de octubre, el informe del Ingeniero Municipal de fecha 20/06/2022 cito textualmente: *“El adoquín en mal estado que indica la reclamante es realmente una plataforma de hormigón cuya función es dotar de seguridad el paseo para peatones sito en la Av. Lourido, actuando como delimitación entre dicho paseo y la carretera E.P. 0602 (de titularidad provincial) por lo que en tiempo y forma solicitamos se le de traslado a la Diputación de Pontevedra”*.”
- No propio informe do Enxeñeiro Municipal achegado pola reclamante na data 11/11/2022, recóllese que o paseo marítimo é de titularidade municipal, sendo competencia do Concello o seu mantemento, mentres que o vial denominado Avda. de Lourido é unha estrada de titularidade provincial (E.P. 0602).
- Asemade informa o Enxeñeiro Municipal que o firme do paseo marítimo se atopa en bo estado, existindo lastras de protección, no límite co carril de circulación para os vehículos.
- As lastras de protección están situadas no bordillo do paseo, as cales se encontran perfectamente visibles.
- O firme do paseo está en boas condicións, non detectándose ningunha irregularidade en dito firme.
- Segundo o informe do Encargado Xeral do Concello non tiveron constancia do incidente que relata a interesada e tampouco da existencia dunha lastra na beirarrúa que se atopase en mal estado.
- A anchura da beirarrúa é de 1,70 metros e mantén en todo momento unha zona de paso totalmente libre de obstáculos, de 1,30 metros.
- Asemade, no informe do Servizo de Infraestruturas da Deputación de data 12/12/2022, recóllese que non existe ningún parte de incidencia por este motivo nin por outros similares nesa estrada provincial, subscribindo tras realizar visita de inspección, o informe do Enxeñeiro Técnico Municipal onde sinala que *“o firme do paseo marítimo atopábase en bo estado de conservación, existindo lastras de protección, as cales se atopan visibles, no límite co carril de circulación para os vehículos”*.



- Recóllese ademais no citado informe do Servizo de Infraestruturas que non existía constancia de ningún perigo que puidera incidir na seguridade viaria da estrada provincial, polo que non procedía sinalización ningunha.

Considerando.- Que o paseo marítimo é de titularidade municipal, sendo competencia do Concello o seu mantemento.

Considerando.- Que o Consello Consultivo, no seu Ditame CCG 252/2023, de data 19/07/2023, informa favorablemente a proposta de resolución de inadmisión da reclamación.

Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, o que incide na falta de dilixencia e atención da accidentada.

Esta é a liña argumental que seguen numerosos precedentes como os que se citan “ad exemplum”, nos cales sí existía un obstáculo ou desperfecto, (o cal non se conclúe que exista no caso que nos ocupa) e a pesares diso, non foi apreciada responsabilidade da Administración:

*“... El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...”* Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
*“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”*



- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:  
*“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que D<sup>a</sup>. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...) Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”*
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:  
*“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”*
- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
*“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.*
- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
*“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que M<sup>a</sup>. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.*  
Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, caídas producidas en infraestruturas de titularidade provincial nas que existindo un desperfecto ou obstáculo (o que non ocorre no presente suposto), foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade demanial.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a solicitude de indemnización.

28.32866.- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS E DOS DATOS ESTATÍSTICOS DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2023 (Expte. 2023031905)

A Deputación de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ven publicando na sección de transparencia da súa páxina web desde o primeiro trimestre do ano 2015 a información relativa ós contratos menores adxudicados así como dos datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público segundo os datos existentes no seu Servizo de Contratación e Patrimonio.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no art. 63.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público desde a entrada en vigor da referida norma publica no Perfil do Contratante a información relativa aos contratos menores adxudicados e a formalización de todos os contratos.

Á vista dos anteditos preceptos legais, o Servizo de Contratación e Patrimonio elaborou os informes: *“Contratos menores adxudicados no segundo trimestre de 2023”* e *“Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o segundo trimestre do ano 2023”* que se achegan.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Queda enterada do contido dos informes “*Contratos menores adxudicados no segundo trimestre de 2023*” (CSV 54XCGR1NOZ5FHRS8) e “*Datos estadísticos sobre a porcentaxe en volume orçamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o segundo trimestre do ano 2023*” (CSV 5Q6UW0MWCTXY8MZN), de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- Ordena a súa publicación na sección de transparencia da páxina web da Institución Provincial.

29.32867.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023050043)

Vista a relación de facturas con número 2023050043, que contén vinte e unha facturas e por un importe de 57.897,67 € e con CSV: HVRJ5KVUEP9UJLJN, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 21/07/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extrajudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	57.897,67 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	57.897,67 €

30.32868 COMUNICACIÓNS

Non houbo.

31.32869.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as doce horas do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

